

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE
CURSO 2023/24



*Data de aprobación polo claustro: **31/10/2023***

*Data de aprobación polo Consello: **31/10/2023***

*Data de remisión á inspección: **02/11/2023***



ÍNDICE

1. Obxectivos específicos para o curso académico.....	4
2. Concreción anual do PE. Modificacións do PE	5
3. Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado con NEE	16
4. Cadro de organización pedagóxica.....	19
5. Plan de actuación dos órganos colexiados. Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno	22
6. Plan de actuación do equipo directivo. Programación e calendario das reunións.....	24
7. Xornada escolar e horario lectivo	25
8. Quendas de vixiancia nos recreos	26
9. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa	26
10. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro.....	27
11. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.....	29
12. Plan de autoprotección	34
13. Plan de coordinación das tarefas do persoal non docente	34
14. Horario de atención ao público.....	36
15. Plan para a potenciación e organización das relacións coa comunidade escolar.....	36
16. Plan de transporte escolar.....	38
17. Regulamento da organización do comedor.....	38
18. Plan de utilización das instalacións do centro.....	39
19. Plan de actividades propostas pola ANPA.....	40
20. Plan de lectura. Concreción anual.....	41
21. Plan de biblioteca. Concreción anual	44
22. Pautas e criterios xerais sobre tarefas extraescolares	50
23. Plan Dixital. Concreción anual.....	54
24. Plan Abalar/E-Dixgal	57
25. Plan de actividades físicas e hábitos saudables. Concreción anual.....	58
26. Addenda do proxecto lingüístico	59
27. Plan de atención á diversidade. Concreción anual.....	63
28. Plan de convivencia. Concreción anual	70
29. Plan Proxecta	73
30. Outros plans e proxectos nos que participa o centro.....	73
31. Plan Xeral de avaliación do centro	75
ANEXOS: Horarios do profesorado e do alumnado	79



1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA ESTE CURSO

OBXECTIVO 1: Optimizar a organización e coordinación de órganos colexiados e equipos			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Elaborar e aplicar calendario de reunión preceptivas	Equipo directivo. Profesorado implicado	Curso 2023/24	Incluíuse o calendario na Memoria 2023-24

OBXECTIVO 2: Renovar as instalacións do centro			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Ampliación do ximnasio e reforma do comedor	Equipo directivo. Admon. educativa	Curso 2023/24	Elaborouse proxecto coa Unidade Técnica

OBXECTIVO 3: Reorganizar os espazos necesitados de mellora.			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Dotación aula multisensorial	Equipo directivo	Curso 2023/24	Incluíuse informe de actuacións realizadas na Memoria Final
Adecuación de espazos comúns	Equipo directivo	Curso 2023/24	Incluíuse informe das actuacións realizadas na Memoria final
Acondicionamento de zonas verdes periféricas	Comisión de Horto e patios	Curso 2023/24	Incluíuse informe das actuacións na Memoria Final.

OBXECTIVO 4: Fomentar a dinamización do centro			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Planificación de participación en concursos, convocatorias e contratos-programa.	Equipo directivo. Profesorado implicado	Curso 2023/24	Recompiláronse as actuacións realizadas e se incluíron na Memoria final
Potenciar o horto escolar a través da participación en VozNatura.	E.D. claustro	Curso 2023/24	Incluíuse informe na Memoria
Posta en marcha da radio escolar	Equipo específico	Curso 2023/24	Incluíuse informe do realizado na Memoria final
Potenciación da Biblioteca Escolar a través do PLAMBE	E. directivo, equipo de biblioteca	Curso 2023/24	Realizouse memoria xustificativa no Plan de Bibliot.
Iniciar proposta de Educación Viaria	E. Directivo, E. dinamización	Curso 2023/24	Realizouse memoria xustificativa
Posta en práctica da experimentación en ámbitos	E. Directivo. Claustro	Curso 2023/24	Presentouse memoria xustificativa na Memoria final
Mellorar a capacitación dixital do alumnado a través do uso do espazo STEAM, E-Dixgal	Claustro	Curso 2023/24	Presentouse memoria xustificativa na Memoria Final
Difusión de boas prácticas TIC	Claustro	Trimestralmente	Elaborouse unha enquisa de expectativas e intereses.
Continuación do Plan Dixital de Centro	Claustro, equipo	Curso 2023/24	Presentado ao claustro ao remate do curso 2023-24



OBXECTIVO 5: Garantir a atención ao alumnado de NEAE			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Revisión do PXAD	E.D. Xefa do D.O.	Curso 2023/24	Presentouse Informe aos órganos colexiados
Detección preventiva das NEE.	E.D. Xefa do D.O.	Curso 2023/24	Elaborouse memoria xustificativa incluída na Memoria final

OBXECTIVO 6: Actualizar a documentación organizativa do centro			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Revisión do 10% anual dos plans e programas	Equipo directivo. Profesorado implicado	Anual	Presentouse na Memoria final informe xustificativo dos documentos actualizados

OBXECTIVO 7: Mellorar a comunicación externa e interna do centro			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Aplicar o protocolo de boas prácticas en materia de comunicación e difusión.	Equipo directivo. Profesorado implicado	Curso 2023/24	Aplicouse o protocolo do Plan de Comunicación do Centro.

OBXECTIVO 8: Mellorar a imaxe externa do centro			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Aplicar o plan de relación coas instancias externas ao centro	E. D. Claustro	Curso 2023/24	Presentouse memoria ao claustro.

OBXECTIVO 9: Actualizar o Plan de actividades complementarias e extraescolares			
TAREFA	RECURSOS	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Actualizar o plan de actividades	E.D, Claustro	Curso 2023/24	Presentouse memoria ao claustro e Consello Escolar
Realizar actividades conmemorativas do Día da Muller Traballadora e contra a Violencia de Xénero.	Equipo actividades complementarias, claustro	Curso 2023/24	Presentouse memoria ao claustro

2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE

A concreción anual do PE para o curso 2023/24, baséase na consecución dos obxectivos xerais que se pretenden para o centro:

2.1. OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

2.1.1.- De capacidades xerais



- Establecer estratexias, no alumnado, para que sexa capaz de valorar, respectar e integrarse no entorno máis próximo.
- Establecer estratexias para fomentar a competencia dixital do alumnado.
- Desenvolver a capacidade no alumnado de traballar en equipo e con autonomía.
- Fomentar, no alumnado, ás estratexias necesarias para realizarse intelectualmente e a ampliar as potencialidades mediante hábitos de traballo, estudo e esforzo.
- Desenvolver as capacidades de reflexión, espírito crítico, iniciativa e creatividade.
- Inculcar os valores de tolerancia e solidariedade.
- Xerar as ferramentas necesarias para conseguir hábitos de prevención da saúde.

2.1.2.- De metodoloxía

- Fomentar a coordinación entre o profesorado para unificar criterios e garantir a coherencia nos procesos de aprendizaxe.
- Acomodar as estratexias de aprendizaxe ás necesidades de cada alumno ou alumna, respectando os seus ritmos de maduración.
- Aumentar a práctica da metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de aprendizaxe: observación directa, experimentación, descubrimento...
- Potenciar a acción tutorial a través dun plan específico.
- Experimentación localizada dos ámbitos de traballo.
- Favorecer a formación permanente do profesorado.
- Avaliar anualmente o funcionamento do centro nos distintos ámbitos: pedagógico, organizativo, administrativo...
- Aplicar as pautas acordadas para a realización das tarefas para casa.



Os principios de individualidade, de autonomía e de motivación para o estudo promulgados polo centro educativo permitirán tempo para que o alumnado poida atender outros intereses formativos.

2.2.- OBXECTIVOS DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Favorecer unha xestión democrática potenciando a participación dos membros da comunidade educativa na organización do centro, segundo a normativa vixente.
- Acadar un funcionamento que aproveite de maneira óptima os recursos humanos e materiais, poñéndoos á disposición do interese xeral do colexio.

2.3.- OBXECTIVOS DE CARÁCTER SOCIAL E CONVIVENCIAL

- Desenvolver a nosa acción educativa nun clima equilibrado e acolledor.
- Favorecer unha comunicación fluída e distendida entre os membros da comunidade educativa.
- Implicar ás familias, e ao alumnado, nas tarefas do centro e promover a súa organización.
- Promover accións para que a lingua galega sexa o vehículo de comunicación entre os membros da comunidade educativa.

2.4.- CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR NIVEIS

2.4.1.- Educación Infantil

Partindo do traballo realizado no curso anterior o equipo de Educación Infantil plantexa para o presente curso os seguintes obxectivos con carácter xeral:

- Adquirir e consolidar hábitos de autonomía, hixiene e coidado persoal, dun mesmo e dos demais.
 - Fomentar hábitos de vida saudable por medio de estratexias baseadas en promover unha alimentación equilibrada e a actividade física.
 - Estimular o movemento como fonte de aprendizaxe e desenvolvemento.
-



- Potenciar o contacto coa natureza e naturalizar as aprendizaxes.
- Estimular a autonomía e a tomar de decisións coa finalidade de formados cidadáns responsables e con capacidade crítica.
- Fomentar o traballo dos procesos cognitivos básicos: percepción, atención, memoria e razonamento.
- Potenciar a realización de actividades manipulativas para favorecer o razoamento lóxico e o cálculo mental.
- Desenvolver a intelixencia emocional e aprender a identificar, xestionar e expresar as propias emocións.
- Incentivar a creatividade innata dos nenos e nenas nos diferentes ámbitos.
- Fomentar o gusto pola lectura e a expresión oral nas distintas linguas.
- Promover o emprego da lingua galega no ámbito escolar.
- Potenciar o emprego da biblioteca escolar e de aula como fontes de aprendizaxe, descubrimento e gozo.
- Empregar os recursos dixitais como ferramentas de traballo ante a diferentes situacións educativas.
- Garantir a atención e seguimento do alumnado que presente necesidades e dificultades de aprendizaxe e poñer en práctica medidas de atención á diversidade.
- Promover condutas positivas que apoien o respecto mutuo entre os compañeiros e compañeiras para solucionar conflitos.
- Formar ao alumnado na toma conciencia das sensacións do que está a acontecer agora mesmo e das diferentes posturas corporais.

Metodoloxía de traballo

Durante o presente curso seguiremos implementando medidas organizativas e metodolóxicas referidas a esta etapa educativa coa finalidade de adaptar as actuacións ás necesidades reais dos nenos e nenas, constituíndo así unha serie de propostas que dan sentido a unha nova forma de traballo na etapa de



Educación infantil no noso centro, contando cunha visión máis dinámica, activa e estimulante para o alumnado. Ditas actuacións concéntranse en:

- Implantación dos momentos “faladoiro” como tempos de encontro co alumnado nos que compartir vivencias, ideas, opinións, sentimentos, inquiredanzas..., desenvolvendo sesións de titoría que contribúan ao traballo das habilidades socioemocionais.
- Desenvolvemento do programa P.E.L.O. pola especialista de Audición e Linguaxe, coa finalidade de estimular a linguaxe oral entre o alumnado, cun carácter preventivo e de detección de dificultades.
- Continuación coas sesións de psicomotricidade, coa finalidade de que os nenos/as progresen no control e dominio do corpo e os seus movementos, de xeito global e segmentario.
- Implantación dos ambientes de libre circulación, coa finalidade de que o alumnado poda experimentar a partir de diferentes propostas e provocacións con certa autonomía, liberdade e autorregulación da aprendizaxe, ao tempo que interactúan e colaboran.
- Introducción no traballo das habilidades STEAM, potenciando unha interacción con ferramentas dixitais que promova o desenvolvemento integral.
- Introducir un espazo destinado a propostas sensoriais e pequenas instalacións para interactuar cos materiais de foma manipulativa.

Actividades Complementarias

Realizaremos a s seguintes actividades complementarias:

- No 1º trimestre as tres aulas de infantil realizarán unha saída ao Parque Forestal de Beade ou Monte do Vixiador para coñecer máis de preto a estación do Outono, e ao longo do curso seguiranse a valorar outras actividades e experiencias desta índole (museos, teatros, parques...) que permitan ao alumnado contactar coa contorna próxima e ver unha aplicación práctica das súas aprendizaxes.



- Solicitarase acudir as actividades teatrais e musicais programadas pola Afundación de Vigo.
- Realizaremos unha saída a Naturnova no 2º trimestre.
- Realizarase unha saída de fin de curso conxuntamente todas as aulas (aínda pendente de concretar) onde os nenos e nenas podan gozar dunha xornada diferente na escola, convivindo cos seus compañeiros e compañeiras na contorna próxima e aprendendo da realidade que os rodea.

2.4.2.- Educación Primaria

2.4.2.1.- 1º e 2º DE Educación Primaria

Obxectivos:

- Contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a, así como mellorar o seu rendemento e a capacidade de concentración en todas as áreas utilizando diversas técnicas.
- Potenciar o traballo en equipo e a investigación co emprego de recursos TIC (aula STEAM e outros)
- Crear hábitos adecuados de traballo: atención, autonomía, responsabilidade, seguimento de instrucións...
- Mellorar as habilidades sociais e competencias emocionais nos alumnos/as que lle permitan establecer relacións óptimas cos seus iguais, tomar decisións e resolver conflitos de xeito pacífico.
- Propiciar que o alumno pase de ser lector pasivo a ser lector activo e descubra o gusto pola lectura.
- Potenciar especialmente a expresión e comprensión, oral e escrita, así coma o razoamento e o cálculo mental.
- Concienciar aos alumnos/as, a través da vivencia, da necesidade de eliminar estereotipos sociais.
- Potenciar a colaboración e a implicación das familias na actividade escolar.



- Desenvolver a creatividade, o pensamento diverxente, a expresión individual e a capacidade de innovación do alumnado.

Actividades Complementarias

- Os grupos participarán naquelas actividades propostas dende cada un dos grupos de traballo do centro: Biblioteca, Dinamización Lingüística, Actividades Complementarias...
- Participarase durante todo o curso nas actividades programadas para a Horta Escolar do colexio en colaboración con XARUMA.
- Tamén realizaranse as actividades programadas para a nosa *estación meteorolóxica* de centro.
- Seguindo o traballo de contidos do currículo, propóñense as seguintes actividades durante o curso:
 - Participación como público na visita ao Centro do Ateneo de Música de Bembrive. (1º e 2º).
 - Visita ao hipermercado Alcampo (1º e 2º).
 - Visita ao teatro de Afundación: evento musical. (1º e 2º).
 - Visita ao Parque Central de Bombeiros de Vigo. (1º e 2º).
- Ademais, aproveitaranse as actividades, segundo sexan axeitadas dentro da programación, ofertadas ao longo do curso por entidades públicas e privadas dentro ou fóra do centro (teatro, música, medio ambiente, medios de transporte...).

2.4.2.2.- 3º de Educación Primaria

Obxectivos:

- Favorecer o desenvolvemento da linguaxe oral a través de actividades expositivas en todas as áreas.
 - Mellorar: caligrafía, expresión escrita e a ortografía mediante a realización de distintos exercicios como: resumos, descricións, diálogos...
 - Desenvolver a afección pola lectura.
-



- Mellorar a presentación de traballos e exercicios.
- Adquirir hábitos de estudo na casa.
- Desenvolver unha actitude responsable do alumnado: traer e coidar o material escolar.
- Fomentar o uso das Tics: uso do ordenador (procesadores de texto, buscadores e aplicacións de debuxo) para atopar información e a realización de traballos.
- Conseguir que as relacións entre o alumnado na aula e nos patios sexa cooperativa e amigable.
- Aprender a participar nos debates respectando ós compañeiros/as e manexando as técnicas axeitadas: levantar a man, deixar explicar a persoa que fala antes de preguntar dúbidas, escoitar en silencio...
- Participar naquelas actividades propostas desde os equipos de traballo do Centro.
- Favorecer a comunicación das familias coa escola (Abalar Móbil, correo electrónico).
- Fomentar a autonomía no traballo individual.

O grupo participará naquelas actividades propostas polos distintos equipos de traballo do centro e naquelas que xurdan ao longo do curso por parte de diferentes organismos ou entidades.

- Biblioteca municipal *Juan Compañel*
- Cambón Cies
- A Reconquistiña
- Villa romana de Toralla
- Lago Castiñeiras

2.4.2.3.- 4º de Educación Primaria

Obxectivos

- Favorecer a participación activa do alumnado en actividades expositivas para o mellor desenvolvemento da linguaxe oral.
-



- Mellorar as técnicas de expresión escrita e potenciar as producións propias.
- Potenciar o razoamento, o cálculo mental e o pensamento espacial.
- Fomentar o uso da biblioteca de aula e desenvolver actividades na biblioteca de centro que impulsen o Plan lector.
- Dinamizar o uso das TIC na aula e no espacio STEAM.
- Fomentar a creatividade nun ambiente de flexibilidade que facilite a expresión de ideas.
- Empregar técnicas de relaxación para favorecer o tempo de traballo.
- Mellorar a competencia emocional a través de dinámicas específicas.
- Integrar os obxectivos de desenvolvemento sostible na dinámica de aula.
- Impulsar a comunicación titor-alumnado-familia.

O grupo participará naquelas actividades propostas polos distintos equipos de traballo e naquelas que xurdan ao longo do curso por parte de diferentes organismos ou entidades.

Están programadas as seguintes visitas:

- Biblioteca Juan Compañel.
- Centro de Visitantes do Parque Nacional illas Atlánticas de Galicia.
- Centro Arqueolóxico da Vila Romana de Toralla.
- *A Reconquistiña*.
- Excursión de todo o día- final de curso. Posibilidade de visitar o Lago de Castiñeiras.

2.4.2.4.- 5º de Educación Primaria

- Potenciar a participación do alumnado nas distintas actividades levadas a cabo relacionadas coa expresión oral.
 - Mellorar as técnicas de expresión escrita para acadar textos claros e ben estruturados.
 - Propoñer actividades encamiñadas a mellorar a comprensión e relación entre as ideas dun texto. Farase fincapé na realización de resumos e esquemas para conquistar este obxectivo.
 - Dotar ao alumnado de estratexias que favorezan o pensamento reflexivo para poder aplicalo na vida cotiá.
-



- Potenciar o razoamento lóxico- matemático para a resolución de problemas.
- Fomentar as relacións persoais potenciando a escoita activa e o respecto ás ideas dos demais.
- Fomentar a responsabilidade persoal asumindo roles na realización de traballos en equipo.
- Potenciar a autonomía no alumnado na busca e organización de información con recursos TIC
- Fomentar o respecto ás normas de convivencia.
- Potenciar o bo uso dos recursos TIC
- Propoñer actividades encamiñadas a fomentar o gusto pola lectura tanto en galego coma en castelán.
- Desenvolver o PAT atendendo as diferentes necesidades do alumnado que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Concienciar ao alumnado no coidado do medio ambiente tanto na escola como na súa vida cotiá.
- Participar nas diferentes actividades complementarias que se realicen ao longo do curso.

Actividades Complementarias

- Educación viaria
- Salinae
- Castelo de Soutomaior
- Biblioteca Juan Compañel
- Cine Salesianos

Valoraranse a realización de outras actividades que vaian xurdindo ó longo do curso e que se adapten aos obxectivos do curso.



2.4.2.5.- 6º de Educación Primaria

- Reforzar a expresión oral ampliando o vocabulario, expresando ideas con precisión e claridade.
- Mellorar tanto a expresión escrita como a presentación de traballos e libretas.
- Fomentar o traballo en equipo no que sexa necesario potenciar actitudes positivas e de aceptación das propostas dos demais.
- Potenciar a participación do alumnado nas distintas actividades levadas a cabo relacionadas coa expresión oral.
- Mellorar a comprensión e relación entre as ideas dun texto. Elaborar resúmenes e esquemas para conseguir este obxectivo.
- Potenciar o razoamento lóxico-matemático para a resolución de problemas.
- Dotar ao alumnado de diferentes técnicas de estudo para acadar un aproveitamento do aprendizaxe eficaz.
- Favorecer o bo uso das TICs no traballo cotián, nas actividades de aula e proxectos entre outras.
- Desenvolver o PAT Favorecendo a formación integral do alumnado.
- Desenvolver o PAD tendo en conta as diferenzas individuais do alumnado.
- Incentivar o gusto pola lectura mediante actividades en galego, castelán e inglés.
- Concienciar ao alumnado no coidado do medio ambiente tanto na escola como na súa vida cotiá.
- Participar nas diferentes actividades complementarias que se realicen ao longo do curso.
- Preparar ao alumnado para a transición ao ensino secundario.

Actividades complementarias

- Educación viaria



- Porto de Vigo
- Museo de Pontevedra
- Cine Salesianos

Valorarase a realización de outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e que se adapten aos obxectivos do curso.

3.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

3.1.- CRITERIOS DE AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

Os criterios de agrupamento serán os seguintes:

- Os agrupamentos estableceráanse tendo en conta a normativa vixente e, especialmente, atendendo ás características do alumnado, os seus horarios e os horarios persoais do profesorado especialista de NEAE e profesorado con disponibilidad horaria.
- Dentro da dinámica da aula fomentaremos variedade de agrupamentos, en función das necesidades do alumnado, do contido a traballar, buscando a maior interacción entre eles.
- Os agrupamentos ao inicio de curso serán flexibles, con posibilidade de realizar cambios si así se estimase oportuno coa fin de atender mellor ao alumnado proposto.

3.2.- ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS

Tendo en conta toda a información da que dispón o centro sobre necesidades que presenta o alumnado, no mes de setembro estableceuse as prioridades e concrétese as medidas de atención á diversidade que se van adoptar neste curso.

Poranse en marcha todas as medidas de carácter ordinario tanto curriculares como organizativas que sexan necesarias, e nos casos do alumnado con NEAE



deseñaranse os programas de atención directa do profesorado especialista (PT, AL) así como os apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria, priorizando o traballo dentro da aula. Nalgúns casos, en función das necesidades que presente, poderase facer a intervención fóra da mesma.

Cando un alumno/a se incorpore durante o curso o equipo docente realizará unha avaliación inicial e de ser o caso o DO unha avaliación psicopedagóxica co fin de determinar as súas necesidades educativas e poder así poñer en marcha as medidas oportunas.

Para o deseño dos apoios teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

- Atenderase a aquel alumnado con N.E.E. de tipo permanente: discapacidades cognitivas, trastornos xeneralizados de desenvolvemento, trastornos sensoriais, retrasos madurativos, problemas graves de personalidade ou conduta (TDAH...) e que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
- Atenderase ao alumnado obxecto de ACIS significativas.
- Alumnado con NEAE. de carácter non permanente (dificultades de aprendizaxe e baixo rendemento escolar, con trastornos específicos da linguaxe, medio social ou familiar desfavorecido, alumnado sometido a medidas de protección e tutela).
- Atenderase ao alumnado que necesita RE e que repite curso.
- Alumnado que precisa reforzo e finaliza etapa.

En todas estas medidas buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade e reflexionar sobre os pros e contras que conleva a non promoción. O departamento de orientación, levará a cabo a avaliación psicopedagóxica do alumnado que se determine, segundo os requisitos e procedementos seguintes:

- Derivación do titor/a ao departamento de orientación por medio dunha folla de solicitude de avaliación psicopedagóxica, que proporcionará o propio departamento e que debe cubrir o demandante.
 - Entrevista co profesorado e familia, onde se afondará non só nos posibles problemas do alumno/a senón tamén sobre a súa situación na
-



aula, familia, apoios, etc. É dicir, toda información que o demandante posúa e poida ser relevante.

- Revisión da documentación que hai no centro referente ao alumno/a:
 - Informes fin de curso.
 - Entrevista coa familia, para informala da situación do seu fillo/a, proporcione información que poida ser relevante e autorice por escrito a realización de avaliación psicopedagóxica por parte do departamento.
 - Proceso de avaliación psicopedagóxica propiamente dita, que incluíra diferentes situacións segundo o motivo da demanda: observación dentro e/ou fóra da aula, entrevista persoal co alumno/a, revisión de traballos, entrevista co resto do profesorado, aplicación das probas que se consideren oportunas.
- O departamento de orientación deseñará, coa colaboración do titor/a e/ou o profesorado, medidas de actuación que respondan á problemática e necesidades detectadas. (Tipos de agrupamento, metodoloxía, selección de contidos, actividades, materiais curriculares, etc.).
- Comunicación dos resultados da avaliación e das recomendacións pertinentes ao titor/a, ao alumno/a e a súa familia.

A organización dos apoios especializados é orientativa e flexible, aberta a modificacións ao longo do curso, para adaptarse ás necesidades que vaian xurdindo. Tomarase como norma a comunicación á familia do tipo de apoio que recibe o alumnado, que fará constar por escrito a súa conformidade. Para abordar con éxito a atención ao alumnado con NEAE cómpre a colaboración e coordinación do profesorado especialista co resto do profesorado e outros profesionais externos que incidan na educación e formación do alumno/a. Convocarase reunións periódicas entre o profesorado titor, profesorado que incide directamente no alumno/a e a orientadora para coordinar, analizar, valorar e facer o seguimento dos apoios e realizar as modificacións que se consideren oportunas.



Estratexias metodolóxicas

A metodoloxía basearase nos seguintes principios:

- Será individualizada, adaptada en cada momento as necesidades do alumnado e as súas posibilidades.
- Partirase da acción, aprender facendo, a través do xogo e das actividades variadas.
- Supervisión e reforzo positivo dos progresos.
- Funcionalidade: unha mesma actividade pode posibilitar e facilitar a consecución de varios obxectivos á vez.
- Variedade: tanto de estímulos como de actividades e material.
- Entrenamento de autoinstrucións.
- Motivación: partir sempre da realidade vivida polo alumnado, dos seus propios intereses e necesidades.

Materiais e recursos específicos:

No centro contamos con materiais específicos para cada necesidade do alumnado, así utilizamos materiais adaptados para alumnado TEA, material para o desenvolvemento lóxico-matemático, lectura, xogos, sensoriais, material logopédico, etc. Seleccionaranse e utilizaranse materiais curriculares diversos.

4.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Seguindo a fundamentación legal:

- D. 374/96 que aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e educación primaria.
- LOMCE Lei 8/2013, do 9 de setembro para mellora da calidade de educación.
- LOMLOE Lei 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.



A organización dos cadros de persoal do centro é a que segue:

EQUIPO DIRECTIVO	
DIRECCIÓN	ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ
XEFATURA DE ESTUDOS	Mª GORETTI VILA PAZOS
SECRETARÍA	MARÍA LITE JUNCO

EQUIPO EDUCACIÓN INFANTIL	
Mª GORETTI VILA PAZOS	TITORA E.I. 3 ANOS
RAQUEL SARMIENTO BORRAJO	TITORA E.I. 4 ANOS
MARGARITA VILLAR COSTAS	TITORA E.I. 5 ANOS
MARÍA LITE JUNCO	APOIO E.I.

EDUCACIÓN PRIMARIA	
ROSA DIÉGUEZ GARCÍA	TITORA 1º
RAÚL MARTÍNEZ NÚÑEZ	TITOR 2º
MANUEL CASTAÑEDA CID	TITOR 3º
PILAR RODRÍGUEZ ALONSO	TITORA 4º A
BEATRIZ FERNÁNDEZ BLANCO	TITORA 4º B
Mª MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA	TITORA 5º
ROSA PEREIRA PRIETO	TITORA 6º

ESPECIALIDADES	
SUSANA VÁZQUEZ RIAL	EDUCACIÓN MUSICAL
BERTA PERUJO COVELO	RELIXIÓN CATÓLICA
ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ	EDUCACIÓN FÍSICA
ISABEL CORREA PANDO	FILOXOXÍA INGLESA
LAURA HERMOSO HERNÁNDEZ	PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA
ARACELI GUÍO PALOMO	AUDICIÓN E LINGUAXE
Mª ISABEL ALVAR AFONSO	ORIENTACIÓN

CONSELLO ESCOLAR	
ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ	PRESIDENTE
Mª GORETTI VILA PAZOS	XEFA DE ESTUDOS
MARÍA LITE JUNCO	SECRETARIA

REPRESENTANTES DO PROFESORADO	
MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA	RAQUEL SARMIENTO BORRAJO
BEATRIZ FERNÁNDEZ BLANCO	ISABEL CORREA PANDO
ROSA PEREIRA PRIETO	

REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS	
LAURA Mª PÉREZ FERNÁNDEZ	NATIVIDAD ABALDE BURGO
TANIA MARTÍNEZ CORREDOIRA (REP. ANPA)	IAGO RIVAS DE LA IGLESIA
IOLANDA PÉREZ POSADA	

REPRESENTANTE DO CONCELLO	
RITA RIELO FRANCO	



EQUIPOS DE CICLO

INFANTIL	1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
MARÍA LITE JUNCO (C)	ROSA Mª DIÉGUEZ GARCÍA (C)	MANUEL CASTAÑEDA CID (C)	MONTSERRAT ESPERÓN (C)
GORETTI VILA PAZOS	RAÚL MARTÍNEZ NÚÑEZ	BEATRIZ FERNÁNDEZ BLANCO	ROSA PEREIRA PRIETO
RAQUEL SARMIENTO BORRAJO	SUSANA VÁZQUEZ RIAL	PILAR RODRÍGUEZ ALONSO	ISABEL ALVAR AFONSO
MARGARITA VILLAR COSTAS	LAURA HERMOSO HERNÁNDEZ	ISABEL CORREA PANDO	BERTA PERUJO COBELO
ARACELI GUÍO PALOMO		ROBERTO ZAPATA RGUEZ.	

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	
ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ	PRESIDENTE
Mª GORETTI VILA PAZOS	XEFA DE ESTUDOS
ROSA Mª DIÉGUEZ GARCÍA	COORDINADORA DO 1º CICLO
MARÍA LITE JUNCO	COORDINADORA DE INFANTIL
MANUEL CASTAÑEDA CID	COORDINADOR DO 2º CICLO
Mª MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA	COORDINADORA DO 3º CICLO
Mª ISABEL ALVAR AFONSO	ORIENTADORA
ARACELI GUÍO PALOMO	AUDICIÓN E LINGUAXE
LAURA HERMOSO HERNÁNDEZ	PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA
BEATRIZ FERNÁNDEZ BLANCO	COORDINADORA BIBLIOTECA
RAQUEL SARMIENTO BORRAJO	COORDINADORA E. D. L.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
RAQUEL SARMIENTO BORRAJO (C)	MANUEL CASTAÑEDA CID
MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA	ROSA DIÉGUEZ GARCÍA
PILAR RODRÍGUEZ ALONSO	

EQUIPO DE BIBLIOTECA	
BEATRIZ FERNÁNDEZ BLANCO (C)	RAÚL MARTÍNEZ NÚÑEZ
GORETTI VILA PAZOS	ROSA PEREIRA PRIETO
LAURA HERMOSO HERNÁNDEZ	

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	
SUSANA VÁZQUEZ RIAL (C)	ISABEL CORREA PANDO
BERTA PERUJO COBELO	MARGARITA VILLAR COSTAS
Mª ISABEL ALVAR AFONSO	

EQUIPO TIC	
MARÍA LITE JUNCO (C)	ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ

EQUIPO E-DIXGAL	
ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ (C)	ISABEL CORREA PANDO
Mª MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA	ROSA Mª PEREIRA PRIETO
BERTA PERUJO COBELO	SUSANA VÁZQUEZ RIAL



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
Mª ISABEL ALVAR AFONSO (xefa DO)	
MARÍA LITE JUNCO	ROSA Mª DIÉGUEZ GARCÍA
MANUEL CASTAÑEDA CID	Mª MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA
LAURA HERMOSO HERNÁNDEZ	ARACELI GUÍO PALOMO

COMISIÓN ECONÓMICA	
ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ (D.)	
MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA	LAURA Mª PÉREZ FERNÁNDEZ
COMISIÓN DE CONVIVENCIA	
ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ (D.)	MARÍA LITE JUNCO (SEC.)
Mª GORETTI VILA PAZOS (X.E.)	Mª ISABEL ALVAR AFONSO (COORD. BENESTAR)
RAQUEL SARMIENTO BORRAJO	NATIVIDAD ABALDE BURGO
COMISIÓN DE HORTO E PATIOS	
GORETTI VILA PAZOS (c)	
RAQUEL SARMIENTO BORRAJO	TANIA MARTÍNEZ CORREDOIRA
EQUIPO COORDINADOR DO PLAN DIXITAL DO CENTRO	
MARÍA LITE JUNCO (c)	ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO POLO CREATIVO +	
ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ ©	MARÍA LITE JUNCO
RESPONSABLE BOTIQUÍN	
Mª GORETTI VILA PAZOS	

5.- PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

5.1.- CONSELLO ESCOLAR

Cráterios para as reunións

- Celebrarase unha reunión en sesión ordinaria a lo menos unha vez por trimestre, ben de forma presencial ou telemáticamente a través das plataformas *Cisco Webex* ou *Falemos*. O correo electrónico será outra das ferramentas de comunicación.
- Celebraranse reunións extraordinarias convocadas polo presidente sempre que se considere necesario co fin de levar a cabo as atribucións que ten encomendadas no artigo 43 do Decreto 374/1996, do 17 de



outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- Celebrarase unha reunión sempre que o solicite un terzo polo menos dos seus membros.
- O Consello escolar deberá estar informado puntualmente da marcha do centro implicándose activamente nas decisións que lle corresponden a este órgano.

5.2.- CLAUSTRO DE PROFESORADO

Criterios para as reunións:

- Celebrarase unha reunión ordinaria unha vez por trimestre.
- Celebrarase unha reunión convocada polo director sempre que sexa considerada necesaria co fin de cumprir coas competencias encomendadas ao claustro no artigo 129 da Lei Orgánica/2013.
- Celebrarase unha reunión sempre que o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros.

O Claustro será o órgano de máxima responsabilidade e participación do centro. As decisións tomaranse derivadas do debate e consenso, xurdidas de propostas ou iniciativas de calquera membro.

5.3.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Reunirase con carácter mensual, ou cando sexa preciso, para tratar cuestións de organización pedagóxica.

CALENDARIO DE REUNIONS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Reuniránse en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros.



1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
OUTUBRO	XANEIRO	XUÑO
Claustro ordinario	Claustro ordinario	Claustro ordinario
Consello ordinario	Consello ordinario	Consello ordinario

6.- PLAN DE ACTUACIÓN DO E. DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN

Os membros do equipo directivo terán a seguinte distribución horaria de adicación a cargos:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	DIR.	DIR./SEC.	DIR.	DIR./SEC.	DIR.
9:50-10:40	DIR.			DIR.	
10:40-11:30	SEC.	X.E.		X.E.	
12:30-13:15	X.E.	X.E.	X.E.		
13:15-14:00		SEC.			SEC.

As diferentes actuacións do equipo directivo levarán implícitas as seguintes consideracións:

- Estar a disposición e servizo de toda a comunidade educativa.
- Predicar co exemplo, co traballo e o respecto á lexislación vixente ante toda a comunidade.
- Transparencia en todas as xestións.
- Crear un bo clima de traballo, fomentar relación cordiais e unha boa convivencia, tentando que os valores que se queren transmitir ao alumnado estean presentes sempre na práctica diaria do centro.

DÍA		REUNIÓN
1º MARTES DE MES	16:00	<i>REUNIÓN EQUIPOS DE CICLO</i>
	17:00	<i>REUNIÓN EQUIPO DOCENTE INFANTIL</i>
2º MARTES DE MES	16:00	<i>REUNIÓN DE COORDINADORES</i>
	17:00	<i>REUNIÓN GRUPOS DE TRABALLO</i>
3º MARTES DE MES	16:00	<i>REUNIÓN DA CCP</i>



	17:00	REUNIÓN EQUIPO DOCENTE 2º CICLO
4º MARTES DE MES	16:00	REUNIÓN DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
	17:00	REUNIÓN EQUIPO DOCENTE 1º CICLO 3º CICLO
TODOS		TRABALLO PERSOAL. ATENCIÓN FAMILIAS
EN CASO DE SER NECESARIO E POR CONVOCATORIA PREVIA AS REUNIÓN XERAIS, CLAUSTROS E COMISIÓN DE CONVIVENCIA REALIZARANSE ÁS 16:00 H.		

7.- XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO

A xornada escolar desenvolverase desde as 9:00h ata as 14:00h

- 8:50-9:00h. Entrada escalonada do alumnado de educación infantil e primaria que entra directamente á aula.
- 09:00h. Inicio das clases
- 11:30-12:00 h. Recreo de primaria.
- 11:30-12:15 h. Recreo de Infantil.
- 12:00-12:30 h. Volta á calma e tempo de lectura (E. Primaria).
- 12:15-12:30 h. Volta a calma e hora do conto (E. Infantil).
- 13:50 h. Saída escalonada do alumnado de Infantil.
- 14:00 h. Saída do alumnado de primaria.

8.- QUENDAS DE VIXIANCIA NOS RECREOS

Gardas de entrada:

ZONA	MESTRE
AULAS	TITORES
PORTA PRINCIPAL	MARÍA LITE JUNCO, LAURA HERMOSO HERNÁNDEZ
PATIO TRASEIRO	ISABEL CORREA
PATIO CUBERTO	ISABEL ALVAR AFONSO
COMEDOR	SUSANA VÁZQUEZ RIAL
DIRECCIÓN	ROBERTO ZAPATA RODRÍGUEZ
BIBLIOTECA	ARACELI GUÍO PALOMO, BERTA PERUJO COBELO



Vixiancia de recreos:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º CICLO	RAÚL MARTÍNEZ.	ROSA DIÉGUEZ	RAÚL MARTÍNEZ	ROSA DIÉGUEZ	ISABEL CORREA
2º CICLO	PILAR RODRÍGUEZ	MANUEL CASTAÑEDA	PILAR RODRÍGUEZ	MANUEL CASTAÑEDA	PILI RGUEZ.
3º CICLO	ISABEL ALVAR	MONTSERRAT ESPERÓN	MANUEL CASTAÑEDA	MONTSERRAT ESPERÓN	ISABEL ALVAR
INFANTIL	ARACELI GUÍO RAQUEL SARMIENTO	MARÍA LITE GORETTI VILA	MARÍA LITE RAQUEL SARMIENTO	MARGARITA VILLAR BERTA PERUJO	MARGARITA VILLAR SUSANA VÁZQUEZ

Vixiancia de biblioteca:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
11:15-12:15	GORETTI VILA	LAURA HERMOSO	EQUIPO BIBLIO	BEATRIZ FDEZ.	ROSA PEREIRA
	CLUB LECTURA	1º, 2º, 3º PRIMARIA	CINE	CLUB LETTERING XOGOS MESA	4º,5º,6º PRIMARIA

Clubes de recreo:

DÍA	CLUB	RESPONSABLE
LUNS	<i>CLUB LECTURA</i>	GORETTI VILA
MARTES	<i>RECREOS MUSICAIS</i>	SUSANA VÁZQUEZ
MÉRCORES	<i>CINE</i>	EQUIPO BIBLIOTECA
XOVES	<i>LETTERING/XOGOS DE MESA</i>	BEATRIZ FDEZ.
VENRES	<i>RECANTO DAS ESTRELAS</i>	MARÍA LITE
	<i>RADIO MOSTEIRO</i>	ROBERTO ZAPATA

9.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

CURSO	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLES	PARTICIPANTES
Continuidade do Plan Dixital de Centro	Curso 23-24	Equipo redactor	Claustro
PFPP	Curso 23-24	CFR	Claustro
Contrato-programa EduInnova e Inclúe-T	Curso 23-24	Servizos Centrais	Claustro
Plan Proxecta	Curso 23-24	Servizos Centrais	Titorías
Formación en Aula Virtual	Curso 23-24	CFR	CLAUSTRO
Formación na plataforma E-Dixgal	1º trimestre		Profesorado E-Dixgal

A prioridade para este curso en materia de formación está determinada pola elaboración do Plan Dixital de Centro (PDC) e a aplicación do plan de formación que establece un ámbito de actuación:

- *Competencia dixital*



O fomento da competencia dixital do profesorado e alumnado e o uso aplicado dos medios dixitais no proceso de aprendizaxe é prioritario no intre de establecer liñas de actuación en materia formativa.

As actuacións e programas en curso son os que seguen:

- Continuidade da formación no uso do espazo STEAM do centro.
- Continuidade da aplicación do proxecto E-Dixgal por cuarto ano.
- Participación no contrato-programa *EduInnova* e *Inclúe-T*.
- Participación no programa de Polos Creativos.
- Participación no Plan Proxecta na modalidade solicitada.
- Participación en actividades de formación vencelladas ao Plan Dixital de Centro.
- De xeito individual o profesorado participa en cursos organizados pola administración.
- Formación en dinamización da biblioteca.

10.- LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Adxúntase a **listaxe de libros** de texto e materiais curriculares seleccionados para traballar no presente curso escolar nos diferentes niveis educativos:

EDUCACIÓN INFANTIL: Sen libros de texto, trabállase por proxectos e propostas manipulativas.

1º EDUCACIÓN PRIMARIA:

- LENGUA CASTELLANA 1º. Santillana - *Primeros pasos*. PAUTA, libro trimestral. ISBN: 978 – 84 – 680 – 4741 - 6
- INGLÉS 1º, Oxford – All about now. ISBN: 978-0-19-407422-3

2º EDUCACIÓN PRIMARIA:



- LENGUA CASTELLANA 2º. Anaya- *Operación Mundo* (Trimestral). ISBN: 978 – 84 – 698– 9247 – 3
- MATEMÁTICAS 2º. Anaya - *Operación Mundo* (Trimestral). ISBN: 978 – 84 – 698– 9374- 6
- INGLÉS 2º, Oxford – *All about now*. ISBN: 978-0-19-407443-8

3º EDUCACIÓN PRIMARIA:

- LENGUA CASTELLANA 3º, Santillana. *Construyendo mundos*, Mochila ligera. ISBN.9788468072012.
- LINGUA GALEGA 3º, Obradoiro Santillana. *Construíndo mundos*. ISBN.9788491854098
- MATEMÁTICAS 3º, Editorial Santillana, *Construyendo mundos*. ISBN. 9788468071367 - (NON MERCAR)
- CIENCIAS SOCIAIS 3º, Obradoiro Santillana. *Construíndo mundos*. ISBN. 9788491854166
- CIENCIAS DA NATUREZA 3º, Obradoiro Santillana. *Construíndo mundos*. ISBN. 9788491854104.
- INGLÉS 3º, KIDS CAN! *3 Pupils Book*. ISBN. 978-1-380-07286-3

4º EDUCACIÓN PRIMARIA:

- MATEMÁTICAS 4º, Santillana - *Construyendo mundos Mochila Ligera*. ISBN: 978-84-144-0769-1
- LENGUA CASTELLANA 4º, Santillana - *Construyendo mundos Mochila Ligera*. ISBN:978-84-144-0738-7
- LINGUA GALEGA 4º, Anaya - *Operación mundo*. ISBN: 978-84-143-1963-5
- CIENCIAS DA NATUREZA 4º, Santillana- *Construíndo mundos*. ISBN:978-84-9185-692-4
- CIENCIAS SOCIAIS 4º, Santillana- *Construíndo mundos*. ISBN:978- 84-9185-698-6
- INGLÉS 4º, Oxford – Libro *All about now*. ISBN:9780194074803



- INGLÉS 4º, Oxford – cuadernillo *All about now*. ISBN:9770194073905

5º EDUCACIÓN PRIMARIA: Sen libros de texto, trabállase con E-dixgal.

Cuadernillos:

- MATEMÁTICAS 5º, Anaya - *Operación mundo 1,2 y 3*. ISBN1: 978-84-143-0240-8, ISBN2: 978-84-143-0241-5, ISBN3: 978-84-143-0242-2.
- LINGUA 5º, Anaya – *Aprender é crecer*. ISBN: 978-84-698-6701-3.

6º EDUCACIÓN PRIMARIA: Sen libros de texto, trabállase con E-dixgal.

Cuadernillos:

- MATEMÁTICAS 6º, Anaya - *Operación mundo 1,2 y 3*. ISBN1: 978-84-143-2236-9, ISBN2: 978-84-143-2237-6, ISBN: 978-84-143-2238-3
- LINGUA 6º, Anaya – *Aprender é crecer*. ISBN: 978-84-678-3512-0

11.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

O equipo de actividades complementarias e extraescolares está formado pola coordinadora e catro representantes do profesorado. Este equipo reunirse o segundo martes de cada mes para programar e organizar as actividades complementarias realizadas co alumnado en horario lectivo.

Os obxectivos do EACE programados para o presente curso académico resúmense nos seguintes:

- Coordinar e participar nas distintas actividades do centro.
- Programar as actividades de celebracións conxuntas.
- Contribuír á formación integral do alumnado.
- Promover a participación de todo o alumnado.
- Promover a participación de todo o profesorado no desenvolvemento de cada celebración.



- Potenciar o desenvolvemento da expresión artística- musical.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas.

O equipo organizará as coordinacións das seguintes festividades:

- **Magosto.** Este curso celebraranse conxuntamente as festividades de Samaín e Magosto, polo que o equipo de ACE traballará en colaboración co Equipo de DL.
- **Nadal e Festival de inverno,** en colaboración coa aula de Música.
- **Entroido.**
- **Fin de curso.**

As celebracións que se levarán a cabo durante o curso, organizadas polos departamentos correspondentes, serán:

CONMEMORACIÓN	DATA	RESPONSABLE
Día das bibliotecas escolares	24 outubro	Equipo de biblioteca
Magosto e Samaín (Magostín)	3 Novembro	E. dinamización/E.C.
Nadal e Festival de inverno	Decembro	Equipo de complementarias
Día da Paz	30 xaneiro	Dpto. Orientación
Día de Rosalía	23 febreiro	EDLG
Entroido	9 febreiro	Equipo de complementarias
Día da muller traballadora	8 marzo	Dpto. Orientación
Día do libro	23 abril	Equipo Biblioteca
Maio e Letras Galegas	15 maio	EDLG
Fin de curso	Xuño	Equipo de complementarias
Graduacións	Xuño	Titores 6º EI e 6º EP

Cada curso adaptará a súa programación á realización de actividades propias de cada festividade, e decorará os corredores, se procede.



O EACE levará acabo a decoración da entrada do edificio escolar ilustrativa de cada unha das festividades.

Ademais, cada ciclo ou nivel programará as actividades complementarias que impliquen saídas fóra do recinto escolar.

Así mesmo, participarase en actividades que oferten distintos organismos ou entidades ao longo do curso escolar. Algunhas delas son:

- Actuación musical do ateneo de Bembrive (todo colexio).
- Visita ao Hipermercado Alcampo (1º e 2º Primaria).
- Actividade Abanca (5º e 6º de Primaria).
- Visita ao Parque de Bombeiros de Vigo (1º e 2º de Primaria).
- Actividades sobre igualdade do concello .(Varios cursos).
- Actividades Afundación de teatro, música e exposicións.(Varios cursos).

A organización das actividades extraescolares correrá a cargo da ANPA. Realizaranse fóra do horario lectivo e a participación nelas é voluntaria.

COMISIÓNS DE PAIS/NAIS CO CEIP MOSTEIRO-BEMBRIVE

As comisións de pais/nais, son comisións formadas por un ou varios mestres do centro e pais/nais voluntarios que desexen colaborar e participar activamente na vida do centro. A coordinación da comisión será responsabilidade dun mestre do centro. A participación nas comisións de pais/nais é voluntaria e o grado de implicación dependerá da dispoñibilidade de cadaquén. Para formar parte das comisións debese cubrir o formulario que se achegará a través de *Abalarmóbil*.

As comisións de pais/nais:

- Reuniranse unha vez ao trimestre e todas as veces que sexan necesarias.
 - Será o coordinador/a un profesor/a do centro.
-



- Organizarán unha actividade didáctica ao trimestre para o alumnado do centro.
- Potenciarán o coñecemento da cultura tradicional galega.
- Cando o número de participantes sexa moi numeroso, poderá establecerse grupos máis reducidos para unha maior operatividade.

No noso centro contamos coas seguintes comisións:

- *Comisión de horto e patios.*
- *Comisión de biblioteca.*
- *Comisión de aniversarios de infantil.*

1.- HORTO E PATIOS

Mestre coordinador: Goretti Vila Pazos.

Actividade: Organización de actuacións nas zonas verdes do centro.

Funcións da comisión:

- Contribuír o mantemento da zona exterior do centro e invernadoiro.
- Potenciar na comunidade educativa o respecto ao medio ambiente.
- Todas aquelas iniciativas que xurdan na propia comisión e sexan consensuadas por todos os seus membros.

Orzamento: En función das actuacións.

2.- BIBLIOTECA

Mestra coordinadora: Beatriz Fernández Blanco.

Actividade: Organización de actividades relacionadas coa lectura

Funcións da comisión:

- Contribuír nas tarefas de catalogación dos fondos da Biblioteca Escolar.
 - Colaborar no arranxo e expurgo dos fondos bibliográficos.
 - Facer propostas de actividades que fomenten o gusto pola lectura. (contacontos en horario de tarde).
 - Potenciar na comunidade educativa o gusto pola lectura.
-



- Aportar suxestións que fomenten os bos hábitos lectores.
- Todas aquelas iniciativas que xurdan na propia comisión e sexan consensuadas por todos os seus membros.

Orzamento: Entre un 5 e un 10 % do orzamento do centro. A achega do PLAMBE (Plan de mellora das bibliotecas escolares).

3.- ANIVERSARIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

Mestra coordinadora: Margarita Villar Costas.

Actividade: O último venres de cada mes, celébranse os aniversarios de todos os nenos e as nenas de infantil do mes. A celebración ten lugar no comedor do centro ás 11:00h e consiste nunha merenda e unha actuación teatral, contacontos, etc. preparada e protagonizada polos pais e nais.

Funcións da comisión:

- Organizar e participar na celebración dos aniversarios dos nenos/as de Ed. Infantil, os últimos venres de cada mes.
- Facer coroas de aniversarios, elaborar a merenda, preparar a actuacións...
- Levar a tesourería dos aniversarios.
- Fomentar con estas celebracións a igualdade e integración de todo o alumnado de ed. Infantil.
- Potenciar unha alimentación responsable e saudable que escape do consumo de "chuches" e produtos industriais.
- Promover o gusto pola literatura infantil con representacións teatrais para tódolos nenos/as desta etapa educativa.
- Todas aquelas iniciativas que xurdan na propia comisión e sexan consensuadas por todos os seus membros.

Orzamento: Esta comisión conta cun pequeno orzamento para material, que consiste nunha achega realizada polos pais/nais de infantil a finais de cada curso escolar (aprox.12 €).



12.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O centro conta cun Plan de Autoprotección que necesita ser revisado e actualizado, especialmente no tocante á distribución de aulas e funcións do coordinador do mesmo.

13.- PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

No centro contamos cunha serie de persoal non docente que contribúe coa súa labor a que a xornada lectiva se desenvolva do xeito máis normalizado posible. Estes son:

13.1.- CONSERXE

Persoal dependente do Concello, pendente a externalización do servizo a unha empresa privada. A súa presenza no centro abrangue desde as 8:00 horas ata as 15:00, tempo no que desenvolve as seguintes funcións:

- Apertura e peche das portas e accesos principais do centro, antes do comezo e despois do remate da actividade escolar.
- Control do apagado do alumado (tanto interior como do patio escolar), no momento de peche do centro.
- Apertura das fiestras abrir as ventás de todas as aulas ao chegar pola mañá.
- Control do cerrado das fiestras no momento do peche do centro.
- Acendido e apagado do sistema de calefacción e purga dos radiadores.
- Reposición dos artigos de hixiene: xel hidroalcohólico e papel desbotable, en cada aula.
- Recollida e reparto de correspondencia.
- Realizar, dentro das instalacións do centro, os traslados de mobiliario que sexan precisos.
- Adquisición nos establecementos comerciais máis próximos do material



necesario.

- Custodia das chaves das diversas dependencias e instalacións do centro.
- Vixiancia e custodia das instalacións, mobiliario e maquinaria, tanto interiores como exteriores, controlando a entrada ao centro das persoas alleas ao mesmo.
- Realizar pequenas reparacións e/ou reposicións (lámpadas, pechaduras, persianas, cristais, cisternas, desatasco de canos...).
- Limpeza do patio exterior de todo tipo de obxectos, maleza, pólas caídas das árbores..., e o seu traslado aos contedores.
- Rega periódicas de árbores e plantas.
- Aquelas outras funcións propias da función subalterna que se lle poidan encomendar.

13.2.- PERSOAL DE LIMPEZA

Contratado pola empresa ONET, o persoal de limpeza conformado por dúas limpadoras, realiza a súa labor de xeito diario en horario de tarde, de 17:00 a 22:00. O seu labor céntrase en:

- Limpeza e desinfección dos aseos.
- Limpeza do chan das aulas e corredores, así como das zonas comúns e despachos.
- Baleirado das papeleiras.
- Traslado aos contenedores dos restos procedentes das tarefas anteriores.

14.- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:50-10:40	9:00-9:50	09:50-10:40	9:00-9:50	13:15-14:00



	13:14:00			
--	-----------------	--	--	--

O horario de atención ás familias será os martes, de 17:30 h. a 18:30 h.

15.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

O fomento das comunicacións coas familias da nosa comunidade educativa e o aumento da calidade dese fluxo informativo é o obxectivo fundamental do *Plan de Comunicación do centro*, aprobado no curso 2021/22.

Os obxectivos deste plan no ámbito externo seguen a ser:

- Dar a coñecer e promocionar o centro.
- Mellorar a comunicación do centro coas familias.
- Proporcionar información relevante sobre prazos, reunións ou eventos de interese.
- Favorecer a difusión de plans e proxectos e da documentación programática do centro.
- Favorecer a comunicación do profesorado fóra do horario escolar.
- Mellorar a transparencia da xestión educativa do centro.
- Poñer en práctica protocolos de actuación sobre protección de datos do alumnado.
- Favorecer o coñecemento dos diferentes protocolos para a atención da violencia escolar.

Prográmanse actuacións para que haxa unha información fluída entre o profesorado e as familias a través dos diversos medios dixitais: *abalarMóbil*, correo corporativo, páxina web e RRSS.

Os martes en horario de tarde realizaranse as titorías coas familias previa cita telefónica, por axenda ou a través da aplicación *abalarMóbil*.

O calendario de reunión contempla a seguinte distribución:



- Reunión de comezo de curso: información sobre liñas xerais do centro, organización da aula, normas, etc.
- Reunións durante o curso para analizar a evolución da clase.
- Reunión a final de curso para valorar o curso.
- Haberá outras reunións cando se considere necesario.
- Tutorías individuais cando sexa necesario.

PARTICIPACIÓN A TRAVÉS DA TITORÍA

Obxectivos:

- Favorecer a comunicación fluida coa familia naqueles casos que precisen unha atención máis específica relacionada coa aprendizaxe, ámbito socioemocional ou calquera outra na que sexa necesaria a colaboración complementaria da familia. Impulsar relacións de colaboración entre as familias e o centro escolar.
- Potenciar as actuacións do Plan de Acción titorial no relativo a colaboración coas familias no caso que sexa necesario para a mellora da aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Facilitar a comunicación coas familias cara a mellora da implicación destas nas diferentes situacións da aprendizaxe.
- Promover accións formativas para as familias co fin de que poidan dar respostas axeitadas na educación dos seus fillos/as.
- Fomentar nas familias os valores de respecto, colaboración e actitudes que incidan na mellora da convivencia.



ACCIÓNS DESDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Obxectivos:

- Facilitar o intercambio de información coas familias do alumnado que precisa a intervención do departamento.
- Asesorar ás familias que así o demanden e/ou que dende este servizo se considere necesario para contribuir a mellora do estado socioemocional ou da propia aprendizaxe do seu fillo ou filla.
- Manter unha comunicación fluída coas familias entre o DO e as familias.

Accións levadas a cabo nas titorías

- Dedicar un tempo de titoría de xeito sistemático, para tratar aspectos relacionados cos ámbitos social e emocional, tales como: a cohesión do grupo, habilidades sociais, aceptación de diferenzas, etc.
- Desenvolvemento de programas de técnicas de estudo no terceiro ciclo de educación primaria.
- Plans de acollida.

16.- PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Durante o curso escolar 2023/24 o centro non dispón de transporte escolar. Logo da reunión mantida co Xefe Territorial en xullo de 2023 a postura da administración é que o Ceip Mosteiro-Bembrive non teña servizo de transporte en tanto non se modifique a zonificación do transporte no concello de Vigo.

17.- PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

O uso das instalacións do centro por parte dos membros da comunidade educativa e de persoas alleas está regulado nas NOFC.

- O profesorado pode facer unha solicitude á dirección para utilizar un espazo determinado para un uso concreto. Nesta circunstancia debe



presentarse solicitude na que conste o nome do mestre, data, horario e descrición sucinta da actividade que se vai realizar. En caso de modificación das condicións do espazo o mestre/a solicitante debe comprometerse a restituir as condicións iniciais ao remate da actividade. Esa solicitude debe ser aprobada polo director.

- Outros membros da comunidade educativa (ANPA) ou persoas alleas ao centro (concello, entidades privadas, etc.) presentarán solicitude por escrito á dirección na que figure nome do responsable da actividade, lugar de celebración, datas, horarios e finalidade da mesma. Se os/as solicitantes non cumpriran as condicións establecidas a autorización podería ser revogada parcial ou totalmente. En todos os casos as instalacións deberán ser deixadas no mesmo estado en que se atopaban e de non ser así os responsables se farán cargo dos gastos ocasionados polas reparacións ou adecuación.
- Para un uso ocasional/excepcional precisarase a autorización do director e non poderá alterarse o calendario docente.
- Para o uso continuado das instalacións por unha entidade externa deberá solicitarse permiso á Xefatura Territorial.
- Os formularios de solicitude e de aprobación dos permisos de uso estarán custodiados na dirección do centro a disposición dos interesados.

18.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

O profesorado do Centro poderá facer unha solicitude ao equipo directivo para a utilización de espazos mediante un escrito onde apareza o nome do profesor, data, horario e pequena descrición da actividade a realizar. No mesmo documento a dirección reflectirá a aceptación ou non da solicitude. En caso de modificar as condicións do local (cambio de mobiliario, equipos multimedia, etc.) responsabilizaranse de deixalo no estado inicial cando remate a actividade.



Outros membros da comunidade educativa de maneira ocasional:

- ANPA, Concello, organismos oficiais, entidades privadas, etc. presentarán a solicitude por escrito á Dirección que figurará o nome do responsable da actividade, as datas, horarios e a finalidade da mesma.
- Se os/as solicitantes non cumprisen as condicións impostas poderá revocarse a autorización parcial ou totalmente.

En todos os casos os solicitantes deberán comprometerse a deixar as instalacións no estado en que se lles deixaron; de non ser así faranse cargo dos gastos que ocasione a súa reparación e/ou adecuación. Para un uso ocasional/excepcional, precisarse a autorización da dirección do Centro, e non pode alterar o calendario docente.

19.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

19.1.- REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

Responsable: Vanesa Val Varela

- Tipo de xestión: comedor pertencente á rede de Foanpas con catering da empresa ARUME.
- Número de alumnos: 88 comensais distribuídos nunha única quenda.

19.2.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

	16:00-17:00	17:00-17:30
LUNS	<ul style="list-style-type: none"> • TEATRO (XIMNASIO) 	
MARTES	<ul style="list-style-type: none"> • TAE-KWONDO (XIMNASIO) • PAATINAXE (PATIO CUBERTO) 	
MÉRCORES	<ul style="list-style-type: none"> • HAPPY ENGLISH (AULA MÚSICA) 	
XOVES	Baloncesto (PATIO CUBERTO)	
	XIMNASIA RÍTMICA (XIMNASIO)	
	PINTURA (COMEDOR)	
VENRES	<ul style="list-style-type: none"> • ROBÓTICA (AULA STEAM) 	
	<ul style="list-style-type: none"> • BAILE (XIMNASIO) 	



20.- PLAN DE LECTURA. CONCRECIÓN ANUAL

O Plan de Lectura pretende acadar aqueles obxectivos marcados no Proxecto Lector de centro, que será revisado no presente curso.

Partindo dunha boa formación de usuarios necesaria, debido a remodelación e reubicación da biblioteca que seguirá este curso en constante crecemento, realizaranse actividades de fomento de lectura abarcando diferentes ámbitos: lectura individual, compartida, encontro con autores, apadriñamentos, xogos, talleres, clubs...

As intervencións serán dirixidas a todos os campos: espazo físico, rexistro, catalogación, e organización, apertura en diferentes horarios, posta en marcha de comisións de profesorado, familias e alumnado, información a través do blogue, actividades de fomento da lectura, emprésito de libros e apoio ao Proxecto Lector.

O equipo de biblioteca traballará en coordinación con outros equipos do centro e cos diferentes proxectos do mesmo.

OBXECTIVOS

- Promocionar actividades de animación á lectura tanto de forma individual como colectiva.
- Continuar proxectos de Mochilas viaxeiras para o alumnado, Caixas de lecturas para as aulas, carriño para Bibliopatio e Bibliotecas nos arredores.
- Publicar no blogue boletíns de novidades, suxerencias lectoras, entrevistas...
- Organizar exposicións dos traballos de elaboración propia dos usuarios nos diferentes concursos, conmemoracións, certames, etc.
- Iniciar e fomentar o proxecto *Artistas do Mosteiro*. Impulsando a biblioteca como espazo que da cabida as inquiredanzas, talentos e intereses do alumnado.
- Realizar charlas e visitas de autores e ilustradores, así como sesión de contacontos, teatro... por parte de profesionais e familias.



- Asesorar ao profesorado sobre os itinerarios lectores, organización das bibliotecas de aula e posta en práctica do proxecto Lector.
- Asesorar e dinamizar a Hora de Ler.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS DE LECTURA

A biblioteca escolar conta cun horario de apertura para o uso e préstamo dos fondos de biblioteca, coas titorías e de forma libre, en horario lectivo e fóra deste.

A biblioteca escolar tamén permanecerá aberta en horario de tarde de 16:00 a 17:00 para uso de familias e alumnos sempre acompañados dun adulto responsable do seu coidado.

No horario escolar do presente curso, permanecerá aberta en horario de entrada amable, dende as 8:50 a 9:00, está igualmente asignada a "hora de ler" de 12:00 a 12:30 que se levará acabo en todas as aulas de infantil e primaria e unha hora fixa por titoría para os préstamos de libros e actividades de dinamización lectora. Nas aulas de infantil pasará a ser "hora do conto" realizando lecturas a cargo de mestres, alumnos ou familias. Poderase levar a cabo en distintos espazos do centro: corredoiros, aula ao aire libre...

Os libros e recursos da biblioteca escolar ademáis de na propia biblioteca do centro repártense nos seguintes espazos:

- Bibliotecas de aula.
- Bibliotecas nos corredoiros.
- Biblioteca de patio.
- Biblioteca de STEAM.
- Biblioteca do departamento de orientación.
- Biblioteca para profesorado ubicada na sala de profesores.
- Biblioteca para familias na zona de espera próxima á xefatura, secretaría e dirección.



20.1.- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2023/2024

Ademáis da concreción dos obxectivos anuais marcados, o equipo de biblioteca escolar no seu compromiso coa convocatoria do Plambe establece como liñas prioritarias para o curso 2023/24 as seguintes:

- Actualizar o Proxecto Lector do Centro.
- Valorar a migración de Meiga a Koha.
- Proporcionar servizos e programas que dean resposta ás necesidades marcadas nos Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable (ODS).
- Poñer en funcionamento un punto de intercambio de libros entre alumnado.
- Seguir adquirindo mobiliario axeitado que converta a biblioteca nun espazo dinámico e creativo.
- Mellorar o espazo físico da biblioteca introducindo unha zona de relax.
- Colocar unha cortiza coa información da biblioteca no acceso á mesma.
- Instalar un buzón de desideratas na entrada da biblioteca.
- Habilitar outras zonas de lectura fóra da biblioteca: exterior e zona de espera na planta baixa.
- Modificar a zona de rexistro.
- Ampliar os fondos para o profesorado e familias.
- Valorar a posibilidade de incluír unha zona de espazo Croma.
- Ampliar a dotación de xogos de mesa.
- Poñer en marcha un recanto creativo que recolla os intereses do alumnado.
- Incluír a visita de ilustradores dentro das actividades de animación á lectura.



21.- PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL

21.1.- CONSTITUCIÓN DO EQUIPO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO:

- Rosa M^o Pereira Prieto
- Gorette Vila Pazos
- Laura Hermoso Hernández
- Raúl Martínez Núñez

COORDINADORA: Beatriz E. Fernández Blanco

Este Plan de biblioteca establece obxectivos atendendo a actuacións nos seguintes ámbitos:

- Organización e xestión.
- Dinamización e promoción dos recursos e a súa integración no tratamento do currículo e no desenvolvemento das competencias clave.
- Formación de usuarios.
- Desenvolvemento do Proxecto lector do centro.
- Coordinación entre os diferentes equipos do centro e outros programas: *Proxecta*, *VozNatura*, *RadioMosteiro*, etc.

Criterios e procedementos de avaliación dos servizos da biblioteca e da situación da lectura do centro en xeral.

21.2.- CONCRECIÓN ANUAL DOS OBXECTIVOS MARCADOS NO MESMO E ACTUACIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO

- Fomentar o uso das ferramentas Tics para a búsqueda de información nas actividades a realizar.
- Fomentar a utilización do noso blogue como medio de comunicación.
- Seguir colaborando co equipo Tic na difusión do traballo realizado na biblioteca a través d Web e Redes Sociais.



- Continuar cos horarios dunha hora de asistencia semanal de cada titoría dirixidas á formación de usuarios, animación á lectura e posibilitar a súa utilización noutras sesións semanais.
- Continuar co uso da biblioteca no tempo de recreo con axuda dun equipo voluntario de alumnado.
- Manter o horario de entrada amable, dende ás 8:50 ata as 9:00
- Manter un horario de uso da biblioteca polas tardes.
- Dotar ao alumnado de estratexias básicas para usar de forma autónoma os recursos e servizos da biblioteca.
- Coordinar a formación de usuarios e os alumnos voluntarios.
- Elaborar xunto co equipo de dinamización lingüística listados de bibliografía axeitada aos diferentes niveis e organizar actividades de animación á lectura.
- Mercar, xunto co equipo de Dinamización Lingüística, libros nunha porcentaxe de igualdade en galego e castelán.
- Continuar co expurgo necesario de materiais que non resulten de interese, que estean en mal estado ou non cumpran normativas.
- Seguir traballando no desenvolvemento dunha biblioteca inclusiva.
- Traballar xunto co D.O para desenvolver actividades que atendan á diversidade do alumnado.
- Continuar cos diferentes clubs: lectura, lettering, xogos, cine... e valorar outros que poidan xurdir.
- Promover a educación audiovisual.
- Realizar actividades de lectura e investigación relacionadas con datas significativas celebradas no centro.
- Coordinar xunto con outros equipos do centro, o deseño e posta en marcha de actividades que se relacionen con contidos curriculares, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave.
- Promover a lectura e os recursos e servizos da biblioteca escolar dentro da comunidade educativa.
- Fomentar a lectura nas familias a través da mochila viaxeira.



- Fomentar a participación das familias como usuarios e para a realización de actividades.
- Motivar ao alumnado a que lean e se expresen en galego.
- Fomentar o uso da biblioteca en actividades relacionadas con proxectos nos que participe o centro.
- Conectar con outras bibliotecas públicas promovendo visitas complementarias a algunha delas.
- Realizar unha avaliación empregando diferentes instrumentos para obter información e realizar propostas de mellora: rexistros, cuestionarios, recollida de suxerencias, valoración de actividades, etc.

ACTIVIDADES

1º trimestre:

- Setembro: Formación de usuarios (CDU, préstamos, organización da nova biblioteca...)
- Outubro: Celebración do Día das bibliotecas escolares (24 de outubro) Apertura oficial da biblioteca coa presentación dos novos espazos e recursos e entrega de tríptico informativo.
- Novembro: "Magostín" Unimos as dúas celebracións de Magosto e Samaín . Ambientación e exposición de libros relacionados coa celebración e lectura ambientada de lendas sobre personaxes mitolóxicas galegas.
- Decembro: Selección e exposición de materiais e libros sobre o inverno e o Nadal, boletín con recomendacións lectoras ás familias, intercambio de postais entre niveis.

2º trimestre:

- Xaneiro: 30 de xaneiro. Día escolar da Non violencia e da Paz. Selección e exposición de materiais relacionados coa Paz.
- Febreiro: 23 de febrero. En colaboración co resto de equipos celebramos o día de Rosalía.



- Marzo: 8 de marzo Día Internacional da muller. En colaboración co resto de equipos, farase selección e exposición de materiais sobre mulleres ao poder.

3º trimestre:

- Abril: semana do libro, do 22 al 26 de abril. Apadriñamentos lectores.
- Maio: En colaboración co resto de equipos homenaxe a Luisa Villalta.
- Xuño: Premios e pequena festa ao alumnado voluntario da biblioteca e aos clubs de lectura e *lettering*.

Valorarase durante o curso a inclusión doutras actividades.

Ademáis da programación trimestral, na sesión fixa de biblioteca adxudicada a cada titoría levarase a cabo:

- Préstamo e devolución de libros.
- Lectura e relaxación no recuncho de relax.
- Tempo de xogos na biblioteca.
- Recomendacións lectoras.
- Formación de usuarios.
- Traballos de investigación con tablets.
- Consulta dos códigos QR no recanto de Dinamización sobre temas relacionados coa nosa lingua galega.

Igualmente en horarios previamente establecidos:

- Realización e posta en marcha dos proxectos nos que participe o centro: *VozNatura*, Plan Proxecta, RadioMosteiro, etc.
- Sesións de contacontos.
- Previa aprobación do consello escolar, participación no programa de Bibliotecas Escolares *Club de lectura 2023/24*, *Radio na Biblio*, *Lectura e Familias*.
- Visitas de autores e ilustradores.



Fora do espazo físico da biblioteca desenvolveranse tamén as seguintes actividades:

- Nas aulas en horario de 12:00 a 12:30 sesións de lectura diaria individual, colectiva, informal nos corredoiros e entre distintos niveis.
- Pequenas dramatizacións e contos do alumnado de 5º e 6º de primaria ao alumnado de infantil nas aulas dos máis pequenos.
- Apadriñamento lector nas zonas exteriores.
- Contos nos aniversarios de infantil por parte das familias no ximnasio do centro.
- Sesións de contacontos fora do centro a alumnado de infantil doutros centros e centro de maiores da zona.

LER EN FAMILIA

Creouse unha comisión mixta de pais, nais e mestres. As súas funcións son as seguintes:

- Contribuír nas tarefas de catalogación dos fondos da biblioteca.
- Colaborar no arranxo e expurgo dos fondos bibliográficos.
- Facer proposta de actividades que fomenten o gusto pola lectura.
- Aportar suxestións que fomenten os bos hábitos lectores.
- Todas aquelas iniciativas que xurdan na propia comisión e sexan consensuadas por todos os membros.

RECURSOS HUMANOS

Os recursos humanos inclúen a toda a comunidade educativa:

- Equipo de profesorado da biblioteca como dinamizador de actividades e recursos.
 - Profesorado.
 - Alumnado voluntario de 5º e 6º de primaria.
 - Familias da comisión de biblioteca.
 - Familia da comisión de aniversarios de infantil.
 - Escritores, ilustradores, contacontos profesionais.
-



21.3.- ITINERARIO LECTOR

Libros recomendados para E. Infantil

MES	TEMÁTICA	ESLOGAN
Outubro	SAMAÍN	<i>Corre, corre!!</i>
Novembro	TERROR	<i>Pásao de medo!!</i>
Decembro	CONTOS DE NADAL	<i>Que ven o Apalpador!!</i>
Xaneiro	PAZ E NON VIOLENCIA	<i>Déixame en paz!!</i>
Febreiro	ENTROIDO	<i>Baila comigo!!</i>
Marzo	POESÍA	<i>Faite poeta!!</i>
Abril	DÍA DO LIBRO	<i>Compartimos</i>
Maio	CÓMIC	<i>Humor con h</i>
Xuño	LIBROS DE AVENTURAS	<i>Aventureiros para o verán</i>

Lecturas suxeridas de 1º a 6º

CURSO	TÍTULO
1º	LETRILANDIA 1 E 2
	ALOLÁN
	LECTURAS AMIGAS1
	COLECCIÓN PASENIÑO
	COLECCIÓN EL ZOO DE LAS LETRAS
	COLECCIÓN POQUITO A POCO
2º	FELIZ FEROS
	A VIAXE DO VENTO PEQUENO
	EL LOBO LUPAS
3º	QUERIDO INIMIGO
	DOWN
	LA RATITA MIRACIELOS
	ESCOBAS VOLADORAS
4º	ISHA, NACIDA DO CORAZÓN
	O ESTANQUE DOS PARRULOS
	LA BICICLETA DE SELVA
	LA CAMISETA DE ÓSCAR
5º	VAMPIRA DE BIBLIOTECA
	HISTORIAS DE UNA ROSA
	PLAN DE RESCATE
	MI ABUELO EL PRESUNTO
6º	SAFARI
	A SEÑORITA BUBBLE
	A FOLLA AZUL



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Teremos en conta a seguinte escala de observación:

ESTRATEGIAS BÁSICAS	GRAO ADECUACIÓN	NIVEL ACADADO
Estimular a curiosidade polo mundo dos libros		
Reforzar os sentimentos asociados á lectura		
Colaborar na comprensión do texto		
Proporcionar modelos de lectura		
Coordinación cos diversos equipos		

22.- PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES

22.1.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS ESTABLECIDOS:

Os deberes ou tarefas escolares no fogar terán como finalidade:

- Potenciar a autonomía e responsabilidade do alumnado.
- Reforzar as tarefas da aula e mellorar a comunicación coas familias.
- Implicarán a coordinación dos equipos docentes de cada grupo-clase.

Como criterios xerais establécense:

- Deben deseñarse para ser realizadas autónomamente por parte do alumnado.
- Deben ser accesibles para todo o alumnado ao que van dirixidas.
- A previsión do tempo para a súa realización contemplará a totalidade das tarefas que se encargan no conxunto de áreas, evitando unha excesiva acumulación.
- As tarefas escolares recolleranse nun cuadrante na pizarra da aula que facilitará a coordinación e que o alumnado poida copiar as tarefas na axenda escolar.
- Tamén se exporán na pizarra as datas dos exames para evitar a superposición nas mesmas datas e facilitar a coordinación entre titoría e especialistas.



- Para o alumnado que non segue o ritmo escolar, ACNEAE, planifícanse tarefas en relación co seu Nivel de Competencia Curricular (NCC) e en coherencia co seu Plan de Traballo Individual, de modo que se axusten a súa capacidade de resolución de xeito autónomo.
- Trátase de evitar que a realización dos deberes sexa unha repetición das tarefas que se realizan na aula.

22.2.- AS TAREFAS NO FOGAR SON IMPORTANTES:

Considérase que é axeitado que o alumnado realice tarefas no fogar porque atópanse efectos positivos a tres niveis:

a) Para crear hábitos de estudo e desenvolver a autonomía do alumnado:

- Establecen o hábito de estudar no fogar.
- Preparan ao alumnado para aprender de xeito autónomo.
- Aprender ao alumnado a desenvolver habilidades e técnicas de estudo.
- Favorecen o desenvolvemento do pensamento crítico.
- Contribúen ao aprendizaxe da administración eficaz dos seu tempo e a atender ás súas responsabilidades.

b) Para favorecer a información entre a familia e a escola:

- Permiten as familias saber o que o alumnado está aprendendo no colexio.
- Permiten ao profesorado/familia detectar dificultades do alumnado.

c) Para mellorar o rendemento académico do alumnado:

- Porque axudan a desenvolver a atención e a memoria e aplicar os coñecementos aprendidos.
- Supoñen un tempo extra de traballo intelectual e de mecanización de habilidades instrumentais básicas para a aprendizaxe.
- O alumnado que ten hábito de estudo xeralmente rinde mellor nas áreas e obtén mellores resultados, diferencia que se acentúa a medida que suben de nivel.



O plan de tarefas é unha orientación que favorece a organización a nivel de aula e tamén familiar. Pretende axudar ao alumnado para o desenvolvemento das súas competencias e racionalizar o tempo e o esforzo adicado ás tarefas escolares. *É un plan flexible, que cada maestro/a pode adaptar en función das circunstancias da aula, a programación, o calendario ou outras tarefas escolares. Pretende ser un marco-guía.*

22.3.- COLABORACIÓN DAS FAMILIAS:

- As familias servirán de apoio, de reforzo, de estímulo e guía: buscando o positivo e evitando as críticas.
- Asegurar un lugar para as tarefas: Un espazo que se asocie aos deberes escolares e que esté ademais ben organizado, ventilado e iluminado. É preciso eliminar da zona de traballo todo o que poida xerar distraccións: xoguetes, TV, móbiles, tabletas, consolas... O escritorio debe ter o material necesario: lapis, goma, cores, regra, dicionario...
- Propor as tarefas nun período da tarde no que o/a alumno/a dispoña de condicións favorables. As familias deben tentar que o seu fillo/a realice as tarefas e estudie como parte da rutina diaria, reservar un tempo regular e programado, tendo en conta os seus costumes e compromisos familiares.
- Cómpre que o traballo se realice de xeito constante sen interrupcións para favorecer a concentración e o rendemento.
- O día que non hai deberes, sería convinte non deixar a rutina do traballo e adicar tempo a aprender doutras maneiras: ler, repasar o explicado no día, investigar...
- Preparar o material do día seguinte: Revisar a mochila, o estoxo, a axenda, chándal, fruta, material de plástica...
- É importante fomentar progresivamente a responsabilidade do neno/a.



1º CICLO DE PRIMARIA

- Recomendación de lectura diaria (10 minutos) supervisada por un adulto. Tempo como orientación.
- Actividades de expresión oral e investigación.
- Ocasionalmente, tarefas en distintos formatos e soportes: actividades interactivas, escritas, de manipulación, etc.

2º CICLO DE PRIMARIA

Tipos de actividades a realizar como deberes:

- Remate dalgunhas tarefas que puideran quedar sen rematar no horario lectivo.
- Tareas de investigación (pescuda de información sobre algún tema usando internet).
- Tempo de estudo diario e regulado en canto a duración, que se centrará sobre todo en CCNN e CCSS.
- Actividades periódicas (semanais, cada 2 semanas...) propostas para a súa realización dende a AV (aula virtual).
- En canto a flexibilidade:
 - Algún día, por distintas causas, poden quedar sen facer.
 - Poden vir mal feitas o incompletas.
 - Pero debe quedar clara a idea de que os deberes teñen sempre prioridade sobre as actividades deportivas, lúdicas... as que asiste o alumnado en horario non lectivo. De ter a necesidade de elixir entre a primeiras (deberes) e as segundas, daremos prioridade as primeiras.
- Actividades de reforzo
 - Sempre en número limitado.
 - Centradas en actividades do tipo de cálculo ou de redacción.



3º CICLO DE PRIMARIA

- Tarefas globais, traballando as competencias: (investigación, proxectos, lecturas e traballos sobre as lecturas).
- Tarefas que potencien a autonomía do alumno e a autoxestión do tempo.
- Potenciar o estudo diario.

23.- PLAN DIXITAL. CONCRECIÓN ANUAL

COORDINADORA: María Lite Junco

CONSTITUCIÓN DO EQUIPO: María Lite Junco, Roberto Zapata Rodríguez.

23.1.- Introducción

- As Novas tecnoloxías da información e da comunicación (NTIC) forman parte da nosa cultura e forma de vida, sendo cada día maior a súa presenza na sociedade, polo que a escola non pode quedarse ao marxe desta realidade comunicacional na que os nenos e nenas se desenvolven na súa vida cotiá. Nesta liña, o PLAN DIXITAL adquire unha relevancia esencial no desenvolvemento do proceso educativo no noso centro, poñendo de manifesto a relevancia deste conxunto de ferramentas relacionadas coa transmisión, almacenamento, procesamento e manipulación dixitalizada de información e contidos educativos, que estimulan e incrementan a calidade do proceso de ensino e aprendizaxe, residindo neles un alto valor educativo aproveitable desde todas as materias, áreas e niveis educativos.

23.2.- Análise do contexto

- O CEIP Mosteiro-Bembrive outorga ao Plan Dixital un papel fundamental dentro do Proxecto Educativo do centro e da Programación Xeral Anual, supoñendo un impulso para a implementación das NTIC no traballo diario no centro. Considerase así



fundamental promover todas aquelas actuacións de formación e capacitación na competencia dixital de alumnado, profesorado e familias, aportando unha mellora significativa para o desenvolvemento sociocultural da comunidade educativa. Nesta liña, e atendendo á normativa regulada no Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do 2º ciclo de EI, EP e ESO, todos os espazos do centro conta con acceso ás NTIC, favorecendo a responsabilidade docente de programar actuacións dirixidas ao fomento do emprego deste tipo de ferramentas, articulando os recursos dixitais como un recurso máis da aula e favorecendo o seu tratamento sistemático. Nesta liña, creouse no centro un espazo no que o alumnado poda traballar de xeito directo e activo con multitude de recursos dixitais, posto que considérase fundamental incentivar a súa alfabetización dixital, capacitándoos para desenvolver un proceso de aprendizaxe integral, enriquecedor e de calidade, proporcionándolles por medio da creación dunha aula STEAM diversidade de experiencias dixitais que estimulen o seguimento dun proceso de aprendizaxe dixital, autónomo e creativo.

23.3.- Obxectivos e indicadores de control

OBXECTIVO	DESCRIPCIÓN	INDICADOR DE LOGRO
Fomentar o emprego de recursos dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe cotiá por parte do alumnado e do profesorado.	<p>AO1.1: Crear un espazo que permita ao alumnado interactuar de xeito activo cos recursos dixitais.</p> <p>AO1.2: Elaborar un rexistro dos espazos e recursos adquiridos e aqueles aspectos que quedan pendentes de obter.</p> <p>AO1.3: Plantexar propostas e experiencias didácticas interdisciplinares que integren o emprego dos recursos dixitais e favorezan a colaboración entre o alumnado.</p>	<p>AO1.1: Crear un espazo que permita ao alumnado interactuar de xeito activo cos recursos dixitais.</p> <p>AO1.2: Elaborar un rexistro dos espazos e recursos adquiridos e aqueles aspectos que quedan pendentes de obter.</p> <p>AO1.3: Plantexar propostas e experiencias didácticas interdisciplinares que integren o emprego dos recursos dixitais e favorezan a colaboración entre o alumnado.</p>
Facer emprego dos recursos dixitais para proporcionar unha dimensión avaliativa ao proceso educativo.	AO2.1: Organizar actividades e sesións formativas.	AO2.1: Organizar actividades e sesión formativas.



	<p>AO2.2: Colaborar para crear ferramentas avaliativas dixitais e experimentar con elas.</p> <p>AO2.3: Empregar recursos TIC para a estimulación da capacidade reflexiva e avaliativa do alumnado.</p>	<p>AO2.2: Colaborar para crear ferramentas avaliativas dixitais e experimentar con elas.</p> <p>AO2.3: Empregar recursos TIC para a estimulación da capacidade reflexiva e avaliativa do alumnado.</p>
<p>Actualizar e renovar os dispositivos dixitais do centro para facilitar o acceso e traballo con este tipo de recursos.</p>	<p>AO3.1: Solicitar equipos e recursos dixitais que permitan o traballo con tecnoloxía no centro.</p> <p>AO3.2: Participar en programas e iniciativas para favorecer a adquisición de recursos dixitais para o centro.</p> <p>AO3.3: Crear un espazo no centro que impulse o acceso ao traballo cos recursos TIC.</p>	<p>AO3.1: Solicitar equipos e recursos dixitais que permitan o traballo con tecnoloxía no centro.</p> <p>AO3.2: Participar en programas e iniciativas para favorecer a adquisición de recursos dixitais para o centro.</p> <p>AO3.3. Crear un espazo no centro que impulse o acceso ao traballo cos recursos TIC.</p>
<p>Actualizar os recursos do centro para desenvolver a proposta interdisciplinar dos Polos creativos.</p>	<p>AO4.1: Solicitar os dispositivos dixitais necesarios para desenvolver a iniciativa dos Polos creativos.</p> <p>AO4.2: Participar en programas e iniciativas para favorecer a adquisición de recursos dixitais para o centro.</p> <p>AO4.3: Adquirir os dispositivos dixitais necesarios para participar na iniciativa dos Polos creativos.</p>	<p>AO4.1: Organizar actividades e sesión formativas.</p> <p>AO4.2: Facer emprego dos recursos obtidos por medio do programa Polos creativos e impulsar o traballo dixital nas aulas.</p>

23.4.- Procedemento de seguimento, avaliación, modificación e difusión

O seguimento do Plan estará contemplado na Programación Xeral Anual e a súa avaliación e seguimento levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos. Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso, e polo tanto, estableceranse dous tipos de avaliación:

- **AVALIACIÓN PROCESUAL.** Realizarase ao final de cada trimestre e incluírá a avaliación de aspectos como:
 - O estado da execución das accións.
 - A análise e valoración dos resultados.
 - Posibles modificacións das accións (e os motivos).
 - Propostas de mellora.
- **AVALIACIÓN FINAL.** Realizarase a final de curso e incluírá a valoración do logro dos obxectivos propostos e as propostas de mellora.



24.- PLAN ABALAR/E-DIXGAL

O Proxecto E-Dixgal afronta no centro o seu cuarto ano de aplicación. Neste curso 2023/24 participan as aulas de 5º e 6º, cun total de 45 alumnos. A participación no proxecto implica a entrega dun equipo portátil a cada alumno/a e a aceptación por parte das familias dun compromiso de cesión do mesmo, polo cal se compromete ao seu uso en tarefas educativas, responsabilizándose da súa conservación e entrega no remate do curso académico.

- Coordinador: Roberto Zapata Rodríguez.
- Información básica sobre os cursos:
 - Durante este curso académico os cursos participantes son 5º e 6º de Primaria.
 - Alumnado participante: 20 (5º) e 25 (6º).
 - Mestras responsables: Montserrat Esperón (5º), Rosa Pereira (6º).

O plan desenvolverase durante a totalidade do curso académico co emprego do ordenador individual para cada alumno/a e o uso da plataforma EVA. Os obxectivos marcados son:

- Acadar a dixitalización das aulas implicadas no proxecto de modo que o alumnado utilice apropiadamente os medios e recursos á súa disposición e acade as competencias requiridas.
- Empregar o ordenador a través da plataforma EVA para o traballo cotián nas actividades de aula e na casa: programacións, proxectos, explicacións, actividades, etc.
- Contribuir á superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Acadar a competencia dixital do profesorado e o alumnado e extender no centro un conxunto de boas prácticas TIC.
- Avaliación. Instrumentos empregados.
 - Enquisa de valoración. Cuestionarios de observación. Probas e tarefas dentro da plataforma. Rexistro de actividade.



25.- PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

(art. 15, ORDE 26/05/23 que desenvolve o Decreto 155/2022)

Alumnado ao que vai dirixido: Infantil e Primaria.

25.1.- Introducción

A necesidade da práctica habitual do exercicio, aparellada ao fomento dos hábitos de hixiene e saúde en prol do cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030 (ODS) 3 (*Saúde e Benestar*) e 4 (*Educación de Calidade*) aconsellan a posta en marcha dun Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables (PAFHS) para o centro. A actividade física non debe circunscribirse ao desenvolvemento de actividades na área de Educación Física, senón que debe extenderse ao resto da planificación educativa, de xeito que os obxectivos de saúde e calidade de vida poidan ser acadados de xeito máis global e efectivo.

25.2.- Análise do contexto

O Ceip Mosteiro-Bembrive dispón das instalacións deportivas e os espazos verdes para garantir unha apropiada implementación dos obxectivos de actividade física e hábitos saudables. Dentro do plan de actuacións da súa documentación programática está contemplada a realización dunha ampla gama de actividades físicas, relacionadas con tempo de lecer, de xeito que o alumnado do centro adquira de forma gradual os hábitos de hixiene postural, de práctica motriz e condutas saudables que influirán positivamente na súa vida adulta como individuos sanos e equilibrados.

25.3.- Obxectivos e indicadores de control

OBXECTIVO	INDICADOR DE LOGRO
Dar a coñecer ao alumnado os beneficios do consumo de froita e verduras, así como de produtos lácteos para un bo desenvolvemento físico e intelectual.	<i>Dase a coñecer ao alumnado o beneficio de consumir froita, verdura e lácteos de xeito habitual</i>
Descubrir diferentes variedades de froitas e verduras da contorna así como as especies a consumir por tempada	Colabórase de forma habitual e activa nas actividades do horto escolar



Valorar a importancia de ter un bo rendemento físico e intelectual	Imbúese no alumnado a importancia do exercicio físico para un estado físico e mental equilibrados
Valorar o descanso e a actividade física para manter un estilo de vida saudable	Aprecia o valor do descanso e da actividade física equilibrada para unha vida saudable
Valorar a importancia de ter un equilibrio emocional e social para ter unha vida plena	Recoñece a importancia do equilibrio emocional e a integración social para unha vida plena
Difundir receitas sinxelas e con produtos de tempada que axuden a unha dieta variada e equilibrada	Recoñece a importancia dunha dieta variada e saudable
Dar a coñecer hábitos que nos axuden a ter un estilo de vida activo: subir escaleiras, desprazamentos en bicicleta ou patinete...	Incídese na programación lectiva na importancia dun estilo de vida activo
Elaborar murais e decoracións motivadoras nas diferentes estancias do centro	Colabora nas actividades de difusión de prácticas saudables do centro
Elaborar unha serie de recomendacións lectoras para a <i>hora de ler</i> relacionados coa promoción dun estilo de vida saudable	Realízanse actividades de concienciación na biblioteca escolar e a través da radio escolar sobre promoción de hábitos de vida saudable
Coñecer e practicar unha ampla gama de xogos e deportes	O alumnado posúe un repertorio motriz amplo e apropiado á súa idade.
Proporcionar espazos de encontro e lecer nas zonas verdes do centro	O alumnado coñece as posibilidades dos espazos creados nos patios do centro
Diversificar a oferta lúdica e formativa no tempo de lecer	O alumnado utiliza os distintos espazos e propostas dispoñibles nas zonas ao aire libre do centro

25.4. Procedemento de seguimento, avaliación, modificación e difusión

O seguimento do Plan estará contemplado na PXA e nos proxectos específicos que teñen relación co fomento de hábitos saudables, particularmente o Plan *(Re)creando o noso Patio*. A avaliación e modificación do mesmo estará integrado na propia avaliación da PXA e dos plans de actuacións específicos, coas achegas e propostas de todos os membros da comunidade educativa. A difusión das actividades do Plan estará amparada no *Plan de Comunicación do Centro* (PCC), que regula e tipifica os protocolos de comunicación interna e externa do Ceip Mosteiro-Bembrive.

26.- ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO (PLC)

OBXECTIVO XERAL

Promover o uso do galego na comunidade educativa a fin de sexa a lingua referente na vida escolar.



Obxectivos:

- Potenciar o uso do galego nas intervencións do profesorado nas diversas xuntanzas (claustro, consello, equipos de traballo) e outras actuacións docentes, así como na carteleira do centro.
- Programar actividades complementarias dirixidas ao mellor coñecemento da cultura e lingua galega: lingua, costumes e tradicións populares.
- Mercar libros nunha porcentaxe igualitaria en galego e castelán.
- Achegar ao alumnado á lectura en galego, motivándoo a través de obras que atendan aos seus intereses.
- Fomentar o uso da linguaxe oral no alumnado, aumentando o número de propostas nas que os nenos/as teñan necesidade de empregar oralmente o galego, achegándonos a espazos da contorna para desenvolver actividades, a través de conversas ou entrevistas (gravadas ou presenciais) aos avós/avoas, persoas do noso entorno próximo...
- Organizar actividades relacionadas co proxecto do centro.
- Difundir a través do blogue información relevante e actividades desenvolvidas no centro para a promoción do galego.
- Crear e habilitar na biblioteca escolar un recuncho para o *Galego no Mosteiro*, para dar publicidade as actividades realizadas e outra información de interese, empregando o blogue como ferramenta de difusión.

26.1.- RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

- Segundo os datos recollidos na entrevista inicial de 4º de E. Infantil 3 durante o curso 2023/24, a totalidade do alumnado de nova incorporación ten como lingua vehicular o castelán, sendo o galego a lingua utilizada na minoría dos casos por algúns avós/as ou familiares próximos. No computo xeral do curso, a porcentaxe de alumnado que emprega o galego é moi pouco significativa.



26.2.- CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
RAQUEL SARMIENTO BORRAJO (c)	MANUEL CASTAÑEDA CID
M ^a MONTSERRAT ESPERÓN BARBOSA	ROSA DIÉGUEZ GARCÍA
M ^a PILAR RODRÍGUEZ ALONSO	

26.3.- VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE

Aínda que se acadaron, en certa medida, os obxectivos previstos no Proxecto temos previsto seguir afondando naqueles que convén reforzar todos os cursos. Salientar a gran implicación do alumnado e familias en todas as actividades propostas.

Propostas de mellora:

- Continuar fomentando a lectura de libros en galego e dar a coñecer autoras/es galegos, tanto actuais como aqueles que deixaron pegada na nosa cultura.
- Seguir desenvolvendo actividades complementarias que favorezan o coñecemento da nosa cultura e da nosa contorna e das súas tradicións.
- Continuar deseñando actividades que promovan o coñecemento das parroquias de Vigo e dos elementos artísticos, históricos, ... cos que conta cada unha delas.
- Favorecer actividades que fomenten o uso da linguaxe oral no alumnado, aumentando o número de propostas nas que os nenos/as teñan necesidade de empregar oralmente o galego, ben sexa achegándonos a espazos da contorna para desenvolver actividades ou ben a través de conversas ou entrevistas.
- Potenciar o uso do galego nas diferentes situacións de comunicación do centro.



- Seguir dándolle visibilidade ás elaboracións que o alumnado realiza dentro das diferentes actividades que propoñemos dende o equipo; así como ás que nos achegan as familias.

26.4.- ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1º TRIMESTRE

- Organización do funcionamento do blogue “Galego no Mosteiro” para o presente curso 2023/24.
- Deseño, en colaboración co equipo de biblioteca, do recuncho de dinamización lingüística dentro da biblioteca escolar.
- Valoración, en colaboración co equipo de biblioteca, de posibles lecturas en galego para a visita dalgún autor relevante do noso panorama nos vindeiros trimestres.
- Organización do proxecto, en colaboración co alumnado/titorías, para o deseño dun logotipo que acompañe as actividades e actuacións de dinamización da lingua galega no CEIP Mosteiro–Bembrive.
- Contacto con outros centros educativos próximos para a posibilidade da realización dalgunha actividade conxunta que favoreza e fomente *intercambios en galego*.
- Organización, en coordinación co resto de equipos, claustro e titorías, da celebración conxunta de Samaín e Magosto, *Magostín '23*, arredor da mitoloxía propia galega, seres e lendas.

2º TRIMESTRE

- Conmemoración do día de Rosalía a través de actividades que favorezan o coñecemento da súa vida e obra por parte do alumnado e do xeral da comunidade educativa.
 - Selección e votación das propostas de logotipo elaboradas polo alumnado.
-



3º TRIMESTRE

- Conmemoración da festividade dos Maios, elaborando o noso propio maio na escola e seleccionando/preparando coplas para a celebración.
- Conmemoración do día das Letras Galegas a través de actividades para difundir a figura da autora homenaxeada e os datos máis salientables da súa vida e obra.
- Elaboración do selo e das chapas co logotipo seleccionado dos propostos polo alumnado.

27.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

27.1.- CONSTITUCIÓN DO DO

O Departamento de Orientación constitúese o sete de setembro do curso actual, e forman parte del a profesora coordinadora de Ed. Infantil, coordinadores de nivel, especialista en PT, especialista en AL (compartida co CEIP Emilia Pardo Bazán) e Orientadora.

27.2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

Para establecer a situación de partida e dar resposta educativa ao alumnado con NEAE tívose en conta a memoria do curso anterior, as actas das sesións de avaliación e a información da anterior etapa educativa se fose o caso. Tamén se tivo en conta a información proporcionada polo centro anterior no caso do alumnado que se incorporou no curso actual, como é o caso dun alumno repetidor en sexto de Educación Primaria.

Temos que sinalar que a profesora especialista en audición e linguaxe comparte as súas intervencións con outro centro sendo este último o centro base o que repercute negativamente na optimización de recursos no noso centro ao que se añade que CEIP Mosteiro non é o seu centro base.



27.3.- PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

A proposta de medidas de atención á diversidade baséanse nos seguintes aspectos:

27.3.1.- MEDIDAS ORDINARIAS

- Reforzo: alumnado que comparte os mesmos obxectivos xerais que os propostos para o seu grupo de referencia, pero que necesitan consolidar aspectos que se consideran imprescindibles para a consecución dos obxectivos.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado AACC.
- Horario flexible para este alumnado.
- Incorporación de distintas opcións metodolóxicas adecuando técnicas e estratexias mais axeitadas ás características do alumnado
- Selección de distintos materiais e recursos para a realización de actividades procurando que sexan motivadoras.
- Técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación que se adapten as necesidades do alumnado con NEE e que non supoñan modificacións nos criterios de avaliación.
- Programas individualizados para o alumnado que se incorporou ao centro e presenta desfas e curricular significativo.
- Organización do profesorado que intervén con este alumnado para facilitar a coordinación e dar unha resposta educativa eficaz.

As medidas ordinarias poderán ser establecidas polos respectivos titores/as, profesorado con disponibilidade horaria e/ou polas especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

27.3.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son medidas de carácter individual para responder as necesidades do alumnado e serán adoptadas cando se esgoten as ordinarias.

- Adaptacións curriculares de acceso: que se aplicarán ao alumnado,



fundamentalmente, con TDHA.

- Adaptacións curriculares significativas.

27.4.- CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURAR NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO

MES	TAREFA DE SEGUIMENTO
SETEMBRO-OUTUBRO	Aportar información académica ou doutros ámbitos do alumnado. Establecer horarios de atención ao alumnado con neae. Propostas. Realización da Avaliación Inicial. Propostas de ACIS.
NOVEMBRO	Seguimento das medidas adoptadas Posibles incorporacións de alumnado con NEAE.
DECEMBRO	Sesións de avaliación do alumnado en todas as áreas. Recollida de información relevante do alumnado.
XANEIRO	Partindo dos resultados da primeira avaliación, valorar a eficacia das medidas adoptadas no primeiro trimestre e establecer as melloras pertinentes, se fose o caso.
FEBREIRO	Valorar, xunto co equipo docente, o alumnado que sexa susceptible de non promocionar.
MARZO	Sesións de avaliación do alumnado en todas as áreas. Recollida de información relevante.
ABRIL	Seguimento dos programas implementados ao alumnado e valoración dos resultados.
MAIO	Avaliación do progreso
XUÑO	Sesións de avaliación do alumnado en todas as áreas. Grao de adquisición das competencias clave.

27.5.- PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

O profesorado responsable durante este curso:

- Titores/as do alumnado con NEAE.
- Especialista en PT
- Especialista en AL
- Xefa de Estudos
- Orientadora



27.6.- HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

As horas de coordinación entre o profesorado titor do alumnado atendido nas aulas de PT e AL realizaranse o último martes de mes, pola tarde. Este horario será flexible dependendo da axenda prevista por cada titor/a, nese día, e das reunións convocadas polo equipo directivo.

PLAN XERAL DE AUDICIÓN E LINGUAXE

No presente curso 2023/2024 o C.E.I.P. Mosteiro-Bembrive conta cunha mestra especialista de Audición e Linguaxe itinerante co C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán, asiste ao centro dous días e medio para atender aos alumnos/as con alteracións na linguaxe, tanto a nivel oral como escrito nos primeiros niveis de Primaria así como en Educación Infantil.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Optimizar o axuste da resposta educativa ás necesidades xerando un clima no que prime a inclusión, respecto e colaboración.
- Asesorar aos membros da comunidade educativa e proporcionar orientacións preventivas ás familias.
- Desenvolver e estimular as potencialidades de cada alumno dando resposta as súas necesidades individuais.
- desenvolver a súa capacidade de producir e comprender a mensaxe oral e escrita
- Propiciar o desenvolvemento dunha adecuada comunicación intra e interpersonal dende a tripla dimensión da linguaxe: forma, contido e uso, acadando os compoñentes fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e o pragmático, xunto aos procesos meta-cognitivos e procesos cognitivos básicos.

En relación ás familias é preciso:



Facilitar pautas de apoio que lles ofrezan seguridade, guíen e reforcen a intervención da escola.

PLANIFICACIÓN ORGANIZATIVA:

Na aula de Audición e Linguaxe durante o curso 2023-2024 coma especialista de A.L. atenderei ao alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria que precisen atención, tras efectuarse as avaliacións pertinentes, recibindo unha atención específica dente a medida de apoio extraordinario de audición e linguaxe de maneira individual ou pequeno grupo segundo as súas necesidades. Por unha banda, nos cursos de 4º, 5º e 6º de Educación infantil levarase a cabo un Programa de Estimulación da Lingua Oral en tódalas aulas de xeito rotatorio, cunha duración de 25 min.

Este curso 2023-2024 atenderase de xeito individualizado a 17 alumnos/as. Neles atópanse cinco alumnos/as da aula de 5º de E.I., outros cinco da aula de 6º de E.I; dous alumno/as de 1º de Educación Primaria, outros dous de 2º de E.P. e tres de 3º E.P.

METODOLOXÍA:

Este Plan de Apoio parte das orientacións metodolóxicas e estratexias establecidas nos currículos vixentes: constructivista, flexible, procesual e continua, tendo en conta a singularidade de cada neno/a, o seu propio proceso de aprendizaxe, as súas características, intereses, ritmos e necesidades.

Atendendo aos principios do DUA, a práctica educativa é aberta, flexible, individualizada e normalizadora, para atender a diversidade do alumnado dende unha perspectiva inclusiva atendendo á Orde 8 de setembro de 2021 e ao Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

AVALIACIÓN:

Levamos a cabo unha avaliación inicial que ten como finalidade diagnosticar as dificultades que poidan presentar os alumnos/as.



A avaliación farase, tanto a través de probas estandarizadas e non estandarizadas, como de escalas de desenvolvemento. Entre as primeiras, en función dos elementos da linguaxe obxecto de avaliación, empregaremos probas como o RFI e o PLON; entre as probas non estandarizadas destacamos o rexistro da linguaxe espontánea, dirixida e repetida do alumno, cuestionarios, entrevistas, protocolos de observación...

Á vista dos resultados obtidos na avaliación de cada neno, e atendendo a normativa, realizarase un programa individual para cada neno/a dende un enfoque multidimensional. Durante o seu desenvolvemento atenderase a unha *avaliación procesual* para o seguimento da intervención e axuste de ser preciso. E, por último, unha *avaliación final* que ten como obxectivo destacar os avances e finalizar o tratamento naqueles casos nos que se superara a alteración.

Ó final do curso escolar redactarase un informe de cada un dos nenos/as e seguindo o establecido no *D.229/2011*, e o DO elaborará a correspondente memoria deste Plan e establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora.

PLAN XERAL DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

A miña finalidade primordial ao longo do curso 2023/24 será propiciar a inclusión do alumnado con NEAE mediante:

- A atención preferente e directa.
- O aporte de materiais adaptados a este alumnado.
- O asesoramento e apoio ao profesorado de materia e titores/as en criterios de lectura fácil, metodoloxías activas, recursos materiais, etc.

As miñas actuacións durante este curso serán:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación.
- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades.



- Elaborar os programas de intervención para o alumnado.
- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como o seu seguimento e avaliación.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumno/a.

A atención docente directa será, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria e, con carácter excepcional, fóra da aula ordinaria, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnos/as de forma simultánea.

O apoio levarase a cabo, fundamentalmente, nas áreas instrumentais básicas e nas socioemocionais do alumnado. Ademais do tratamento das habilidades mentais básicas.

Recursos

Empregaranse os recursos persoais, organizativos, espaciais e materiais, audiovisuais e informáticos dos que dispoñemos no centro.

Avaliación

Será de carácter continuo, realizaremos unha avaliación inicial no mes de setembro, do proceso (trimestral) e final. Será de carácter individual e



continuo, a través da observación, reflexión cooperativa, probas específicas, instrumentos de avaliación e traballo escolar diario.

28.- PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL

OBXECTIVO	ACCIÓN	RESPONSABLES	TRIMESTRE	RECURSOS	INDICADORES DE LOGRO
DESENVOLVER O PLAN DE CONVIVENCIA NO ÁMBITO DAS COMPETENCIAS SOCIAIS					
Determinar o clima de convivencia nas aulas.	Realización dun cuestionario polo profesorado das diferentes aulas	Titores/as. Especialistas.	1º	Cuestionario	O clima de convivencia nas aulas é adecuado no 100% delas.
Promover cambios nas actitudes do alumnado que lle permita relacións igualitarias	Realización de talleres axeitados a idade	Titores, EquipoD., DO. Outros especialistas	1º, 2º,3º	Cuestionarios Bibliografía xogos xoguetes murais,... Todo o profesorado	Rexistros
Verificar que o material utilizado non presente roles de xénero		Profesorado	1º,2º,3º	Libros, películas, Libros de texto...	Diminuír alomenos un 70% o material utilizado con roles de xénero tradicionais
DESENVOLVER O PLAN DE CONVIVENCIA RESPECTO AO CLIMA DE AULA					
Profundizar no coñecemento do grupo-aula	Realización test sociométricos para cada grupo. Implementar dinámicas de grupo en todas as aulas	Titores, DO.	Infantil,1º,2º,3º	Cuestionarios. Dinámicas de grupo	Ter coñecemento das relacións que se establecen no total de integrantes do grupo-aula mediante o sociograma
Facilitar a integración do alumno/a no grupo e na dinámica da aula	Dinámicas de integración	Profesorado, DO	Infantil,1º,2º,3º		Rexistro da observación da mellora nas actitudes do alumnado cara os



					seus compañeiros e compañeiras
DESENVOLVER O PLAN DE CONVIVENCIA PARA A FOMENTAR A CONVIVENCIA INCLUSIVA					
Promover accións, programas e actitudes para fomentar, no alumnado, as competencias sociais.	Actividades relacionadas con: <ul style="list-style-type: none"> - Normas - Programa habilidades sociais, autoestima, asertividade, empatía... - Plan Director - Día da Paz - Xogos - Lecturas compartidas - Día internacional de eliminación da violencia contra a muller 	- Comisión de Convivencia. - DO -ED. - Titores - Outros especialistas	Infantil 1º, 2º,3º, 4º,5º,6º	Programa habilidades sociais. Xoguetes Material coeducativo. Recursos dixitais.	Xerar, alomenos unha actitude positiva cara a convivencia nun 90% do alumnado participante
Favorecer o respecto, a aceptación, a información e a construción de actitudes encamiñadas ao desenvolvemento óptimo da persoa.	Talleres. Realización de programas socio-emocionais. Programa educación sexual Lecturas sobre boas prácticas.	Toda a comunidade educativa	1º,2º,3º,4º,5º 6ºEd. Primaria	Bibliografía, Videos, programas socio-emocionais.	Estadística de queixas. Número de programas realizados. Número de lecturas realizadas. Cuestionarios.
Promover a resolución pacífica de conflitos a través da reflexión e a aprendizaxe.	Establecemento de cauces para a comunicación. Realización de dinámicas de resolución de conflitos. Implementación progra de mediación entre iguais. Escoita activa. Normas.	Toda a comunidade	1º,2º,3º	técnicas de resolución dialogadas´ Dinámicas de resolución de conflitos Prácticas de escoita activa. Normas.	Detectaronse casos de conflitos entre iguais e resolveronse satisfactoriamente , coa colaboración do alumnado e familia.
Responder, de xeito inmediato, ante calquera acto de intimidación ou acoso entre iguais.	Poñer en marcha o procedemento corrector das normas de convivencia do centro.	Profesorado, Equipo D., DO, familias cando corresponda.	Ed. Primaria	Protocolo de actuación	Identificación dos dos indicadores de intimidación ou acoso entre iguais



28.1.- PLAN DE TRABAJO DE BENESTAR. CONCRECIÓN ANUAL

OBXECTIVOS	ACTUACIÓN	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES
Dar a coñecer o referente de benestar emocional e de protección a comunidade educativa	- Claustro, consello, reunións de nivel.	1º trimestre.	Toda a comunidade educativa está informada da existencia da coordinadora de benestar e protección.
Planificar actuacións para que o alumnado adquira ferramentas e dar así resposta a situacións de violencia.	-Charlas, talleres, asambleas... -Cuestionarios e rexistros.	Todo o curso.	Os cuestionarios reflicten o coñecemento acadado sobre as ferramentas traballadas.
Dispoñer de instrumentos de detección de situacións de violencia	-Elaboración protocolo de indicios sobre situacións de risco para toda a comunidade educativa.	1º/2º trimestre	Os protocolos cumpren o obxectivo para o que están diseñados.
Facilitar información á comunidade educativa sobre o tratamento de datos persoais.	- Charlas expertos. - Redes sociais - Información sobre protección de datos. - Normativa protección de datos.	Todo o curso	O alumnado, as familias e profesorado coñecen os riscos, que conleva, o proporcionar información persoal a terceiros nas redes sociais.
Coordinar os protocolos de intervención cos servizos competentes dentro e fora do centro.	-Coordinación co profesorado implicado e servizos externos e internos.	Todo o curso	Existe unha comunicación fluída entre os diferentes servizos que interveñen no protocolo de intervención. Rexistro.
Promover unha alimentación saudable na comunidade educativa	-Charlas con expertos. -Xogos de clasificación de alimentos. - Pirámide alimentaria -Actividades para desenvolver hábitos saudables.	Todo o curso.	Rexistros cuestionarios



29.- PLAN PROXECTA

De acordo ao establecido na Resolución do 22/6/2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula o Plan *Proxecta* e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos o Ceip Mosteiro-Bembrive participa nas seguinte actividades:

Actividade	Data prevista	Cursos	Coordinadora	Responsables
23. ESCOLA VERDE	Outubro 23-Xuño 24	Infantil/Primaria	Goretti Vila Pazos	Titorías

30.- OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

MATERIA	CURSO	Nº ALUMNADO	PROF. RESP.	COORDINADOR
PFPP	EI/EP	166	TITORÍAS	DIR.
CP EduINNOVA	EI/EP	166	TITORÍAS	DIR
POLOS CREATIVOS +	EI/EP	166	TITORÍAS	Roberto Zapata
ABALAR/E-DIXGAL	5º-6º	45	PROF. CICLO	Roberto Zapata
CP INCLÚE-T	EI/EP	166	PROF. Asignado	Isabel Alvar
PLAN DIRECTOR	5º-6º	45	TITORÍAS-DO	Isabel Alvar
XOGADE	3º a 6º	88	PROF. EF	Roberto Zapata
PLAMBE	EI/EP	166	Equipo Bib. e titorías	Beatriz Fdez. Blanco

- **PFPP 2023/24:**
 - Unha liña de formación: Competencia dixital.
 - Formación con poñentes externos.
 - En colaboración co CFR.
 - Temporalización: a totalidade do curso 2023-24.
- **Polos Creativos +:**
 - Para fomentar a creatividade e a formación do alumnado nunha aprendizaxe competencial.
 - Poderán albergar actividades de tipo obradoiro abertos a toda a comunidade educativa.



- Funcionarán como centros de actividade que poden abranguer impresión 3D, robótica, procesado audiovisual e artístico, etc.
 - Para utilizar os recursos do espazo STEAM do centro.
 - Temporalización: a totalidade do curso 2023/24
 - **Contrato-programa EduInnova:**
 - Para mellorar a competencia dixital de profesorado e alumnado.
 - En colaboración co CFR e con formación dos servizos centrais.
 - Obxectivo: a explotación dos recursos STEAM e dar servizo ás iniciativas do profesorado.
 - Temporalización: a totalidade do curso 2023-24.
 - **Contrato-Programa Inclúe-T:**
 - Para mellorar a competencia emocional do alumnado.
 - En colaboración cos Servizos centrais.
 - Temporalización: a totalidade do curso 2023/24.
 - **Proxecto Abalar/E-Dixgal:**
 - Aplicación dos medios dixitais á experiencia lectiva diaria.
 - Aplicada en 5º e 6º de Primaria neste cuarto ano no proxecto.
 - Utilización de equipos individuais por parte do alumnado.
 - Temporalización: a totalidade do curso escolar 2023-24.
 - **Plan Director:**
 - Promovido co obxectivo de mellorar a convivencia e seguridade nos centros educativos e os seus contornos.
 - Destinado a 5º e 6º de Primaria.
 - Ámbitos de aplicación: outras adicións, ciberacoso.
 - Temporalización: a totalidade do curso escolar 2023-24.
 - **Xogade:**
 - Ten como obxectivo promover o deporte en idade escolar.
 - Destinado ao alumnado de 3º a 6º de Primaria.
 - Ámbito de aplicación: atletismo en pista e outras modalidades.
 - Temporalización: marzo-xuño de 2024.
 - **Radio Escolar:**
-



- Para mellorar a competencia en comunicación oral e escrita do alumnado.
- Dirixido a todo o alumnado de Infantil e Primaria.
- Utilización do estudo de radio do centro na planta baixa.
- Temporalización: programas semanais durante todo o curso 2023/24.
- **Seccións bilingües:**
 - Para mellorar a competencia lingüística en inglés do alumnado de primaria na área de Plástica (*Arts & Crafts*).
 - Seis seccións activadas para os seis niveis de primaria no segundo ano da experiencia.
 - Colaboración dun auxiliar de conversa. *Por segundo ano consecutivo non se asigna persoal para esta función.*
 - Temporalización: Todo o curso 2023/24.

31.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O Plan de Avaliación do CEIP Mosteiro-Bembrive desenvólvese ao longo do curso académico, con independencia de que o seu carácter continuo faga que se retroalimente constantemente. O desenvolvemento deste plan, dinamizado e coordinado pola CCP e o Claustro, xiran en torno a dous momentos:

- Unha primeira fase, de carácter cuantitativo (vid. táboa) que permite descubrir a situación actual na que se atopa o centro, detectando as carencias e fortalezas e capacitando ao centro para intervir sobre elas. O proceso de avaliación remata, nesta primeira fase, coa elaboración dunha síntese valorativa que recolle a valoración obtida, valora os aspectos positivos e mellorables, incluíndo o propio proceso avaliador e plantexa alternativas de cambios. Está síntese valorativa trasládase aos órganos de coordinación docente.
- Unha segunda fase, a partir da análise valorativa global e cualitativa, derivada dos resultados da primeira fase, consensuada coa CCP e o



claustro. Esta fase culmina coas memorias finais (avaliación e propostas de mellora) co deseño de melloras e cambios nos diferentes plans para abordar as melloras que se decidan. Esas propostas de mellora desenvolveranse durante o curso seguinte.

- A finalidade desta avaliación é claramente formativa, pois está dirixida a facilitar a comprensión do centro e a establecer, mediante o diálogo, as medidas necesarias para un mellor funcionamento de todos e cada un dos ámbitos (plans) nos que se desenvolven. Realizarase en diferentes momentos:
 - *Trimestrais*: Análise dos resultados académicos, recompilar as necesidades detectadas, programas de reforzo, programas preventivos, programas de intervención, programas de apoio...
 - *Anuais*: Reunións preceptivas de cada grupo de coordinación na que se recolleran as propostas e cambios necesarios, Memorias finais de cada plan...

ÁMBITOS	DIMENSIÓNS	SUBDIMENSIÓNS	Valoración Cuantitativa				
			1	2	3	4	5
I. Valoración do proceso de Ensinanza Aprendizaxe	Condições materiais, persoais e funcionais	Organización dos grupos					
		Recursos materiais					
		Recursos humanos					
		Características do alumnado					
		Distribución dos tempos e espazos.					
	Desenvolvemento do currículo	Programacións					
		Atención á diversidade					
		Plan de Acción Titorial					
		Activ. Extraescolares e complementarias					
	Resultados escolares do alumnado	Resultados escolares					
		Os documentos de centro		1	2	3	4
Proxecto Educativo							
Concrecións Curriculares							
Memoria Final de Curso							
Equipo Directivo							



II. Valoración da organización e o funcionamento	Funcionamento dos órganos de Centro	Consello Escolar						
		Claustro						
		CCP						
	Implicación e colaboración	Profesorado						
		Alumnado						
		Familias						
	Convivencia Escolar	Profesorado						
		Profesorado-Alumnado						
		Familias						
III. Valoración das relacións co Centro	Relacións con outras institucións		1	2	3	4	5	
		ANPA						
		Concello						
		Inspección Educativa						
III. Valoración dos Plans e Programas implantados no Centro	Plans e Programas Actuais		1	2	3	4	5	
		Normas de Organización de Centro (NOF)						
		Plan de Convivencia						
		Programación Xeral Anual						
		Plan de Prevención de Riscos						
		Plan Xeral de Atención á Diversidade						
		Plan Dixital de Centro						
		Plan de Comunicación						
		Plan de Igualdade						
		Plan de Dinamización da Lingua Galega						
		Proxecto lingüístico						
		Plan de Orientación Académico						
		Plan Académico de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO)						
		Plan de Lectura						
		Plan de Biblioteca						
		Plan Dixital						
		Plan de Acollida						
		Plan de Mellora						
		Plan de Autoprotección						
Plan de Actividade Física e Hábitos Saudables								

TEMPORALIZACIÓN:

DOCUMENTO	TRIMESTRAL	ANUAL	CUATRIANUAL
PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE	X		



PLAN DINAMIZACIÓN GALEGO			X
PLAN DE LECTURA		X	
PLAN DE BIBLIOTECA		X	
PLAN DIXITAL		X	
PLAN DE COMUNICACIÓN		X	
PLAN DE ACOLLIDA		X	
PLAN DE MELLORA		X	
PROXECTO LINGÜÍSTICO			X
PXAD			X
POA		X	
Concreción POA para PXA		X	
Concreción PAD		X	
PAT		X	
PAADO		X	
NOF			X
PLAN DE CONVIVENCIA			X
PXA		X	
PLAN PREVENCIÓN DE RISCOS			X
PLAN DE IGUALDADE		X	
PLAN DE AUTOPROTECCIÓN			X
PLAN DE ACTIVIDADE FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES		X	



ANEXOS